



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xuño de 2020 (829/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día once de xuño de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(427).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de xuño, ordinaria do 5 de xuño e extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2020 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(428).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓNS DE BASES DE DATOS TRIBUTARIAS . EXPTE. 2684/500.

Visto informe xurídico do 01/06/2020 e o informe de fiscalización do 02/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/05/2020, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 30 de marzo de 2017, na súa calidade de órgano de contratación, acordou:

- I. *“Adxudicar a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. o lote B (zona Oeste, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha baixa proporcional única do 14,90% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.*
 - b) *Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.*
 - c) *Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.*
 - d) *Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.*
 - e) *Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmovible segundo as necesidades dos mesmos.*
 - f) *Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.*
 - g) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.*

- II. *“Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. o lote A (Zona Este, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha baixa proporcional única do 15,00% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.*
 - b) *Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.*
 - c) *Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.*
 - d) *Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.*



Concello de Vigo

- e) *Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmoble segundo as necesidades dos mesmos.*
- f) *Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.*
- g) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.*

Segundo.- En data 24/05/2017 subscribíronse os contratos con cada unha das mercantís adxudicatarias, prevéndose na cláusula 4 dos citados contratos o inicio da prestación a partir do 1 de xullo do 2017 (contratos anexados como trámites 258 e 259 do expediente 2288/500),

Terceiro.- No prego de cláusulas administrativas particulares fíxase unha duración do contrato de 3 anos e establécese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de tres anos, en prórrogas anuais.

Cuarto.- A través de escrito presentado o 14/04/2020 (núm. documento 200048804), D. Pascual Seguí Bañuls, actuando en representación de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400), manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria do Lote A (Zona Este) de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade

Igualmente, mediante escrito presentado en data 22/05/2020 (núm. documento 200060796), don Carlos de San Ildefonso Pereira, actuando en representación de LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489), manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria do Lote B (Zona Oeste) de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

Quinto.- A prestación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias por parte das empresas adxudicatarias (LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) estase a realizar a plena satisfacción desta Dirección de Ingresos, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como na súa oferta, como consta nos informes anuais de seguimento do contrato asinados pola responsable do mesmo de datas 07/08/2018 (informe sobre primeira anualidade) e 30/08/2019 (informe sobre segunda anualidade), elaborados en cumprimento do disposto na cláusula 1.3 do PCAP, que constan no expediente 2288/500.

Polo tanto, esta Dirección de Ingresos entende que resulta necesaria e acorde cos intereses municipais a continuidade do servizo, mediante a materialización da primeira prórroga dun ano, contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 1 de xullo de 2021 do contrato de “servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias” (Lote A- zona

Este) adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

2º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 1 de xullo de 2021 do contrato de “servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias” (Lote B- zona Oeste) adxudicado á empresa LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489) por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017.

3º.- Autorizar e comprometer os seguintes importes das correspondentes prórrogas:

A favor de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL. S.L. (B96067400), adxudicataria do Lote A (Zona Este):

- Con cargo ao orzamento do 2020 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

- Con cargo ao orzamento do 2021 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

A favor de LAYA GESTION Y SERVICIOS S.L. (B33473489), adxudicataria do Lote B (Zona Oeste):

- Con cargo ao orzamento do 2020 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

- Con cargo ao orzamento do 2021 (partida 9320.227.99.02 (Traballos de colaboración coa XTC): **120.000,00€**

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(429).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SERVIDOR DOCUMENTAL ALFRESCO (2020-2025). EXPTE. 9075/113.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 28/05/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo para a contratación de servizos núm. 9075/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación, entre outros, de a actualización, soporte e mantemento por dous anos, prorrogables tres mais, do xestor documental Alfresco ,por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da actualización, soporte e mantemento do servidor documental alfresco 2020-2025:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 04/02/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 13/03/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 13/03/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 16/03/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 18/03/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 56.870,00 €, que inclúe un IVE de 9.870,00 €, dende o 1 de Maio de 2020 , o cal se imputará òs seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279902	28.435,00 €
2021	9207.2279902	28.435,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de maio de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.	77,50
2	BILBOMATICA, S.A.	73,11

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L., o día 18 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida os días 21 e 25 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Concello de Vigo

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula de data 8 de maio de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 54.917,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.531,09 euros.*
- b) *Propón 10 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.A.X do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións das incidencias con estas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(430).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SOFTWARE DE VIRTUALIZACIÓN VMWARE (2020-2025). EXPTE. 9101/113.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 28/05/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de contratación de servizos núm. 9101/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación de a actualización e mantemento do software de virtualización VMARE, por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da actualización, soporte e mantemento do software vmware 2020-2025 :

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/03/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 09/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/03/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 17/03/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal



Concello de Vigo

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 18/03/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 18/03/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 € , dende o 1 de Maio de 2020 , o cal se imputará ós seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279902	10.000,00 €
2021	9207.2279902	10.000,00 €
2022	9207.2279902	10.000,00 €"

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U	100,00
2	EDNON, S.L.	63,57

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U (B-62.758.602), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., o día 15 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida 26 de maio, dentro do prazo concedido.

Unha parte da documentación acreditativa da solvencia técnica (facturas) foi presentada o 28 de maio de 2020, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, se ben a acreditación da solvencia pode ser emendable (Recomendación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 8 de maio de 2020 e o informe complementario do 12 de maio.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B-62.758.602) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- O prezo total do contrato é de 25.177,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.369,65 euros.
- Propón 20 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.C.viii do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións das incidencias con estas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(431).- CORRECCIÓN ERROS DO CONTRATO DE EMERXENCIA PARA O SUBMINISTRO DE ORDENADORES PARA O PROGRAMA “VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL”. EXPTE. 24383/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2020 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Adxudicación do contrato de subministración de 200 equipos portátiles, (90 "SAMSUNG NP300VA INTEL CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" e 110 TOSHIBA SATELLITE PRO L830, INTEL i3 /4GB / 160GB / 14,1") para deixar en préstamo aos nenos e nenas de educación infantil e primaria dos colexios de Vigo que non poden seguir as clases escolares “on line” por carecer de equipos TIC, aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, as características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a adquisición de 200 equipos portátiles CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3” ou 14,1”
- O prezo é 28.581,41euros (IVE engadido).

- O prazo de entrega é de 1 día para os 90 equipos en stock a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista e o resto no prazo mais breve posible a medida que o contratista volva a ter equipos en stock.
- O prazo de garantía é de 1 ano.

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 3230.6260000 "Adquisición de medios informáticos", do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro no acordo de adxudicación ao terse omitido o adxudicatario proposto na memoria xustificativa asinada pola xefa do servizo de Educación o 24 de maio de 2020.

En consecuencia, o acordo debería quedar redactado como segue:

"1º.- Adjudicaci^on a OPCON INFORMATICA, SL (CIF B36858512) o contrato de subministración de 200 equipos portátiles, (90 "SAMSUNG NP300VA INTEL CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" e 110 TOSHIBA SATELLITE PRO L830, INTEL i3 /4GB / 160GB / 14,1") para deixar en préstamo aos nenos e nenas de educación infantil e primaria dos colexios de Vigo que non poden seguir as clases escolares "on line" por carecer de equipos TIC, aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, as características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a adquisición de 200 equipos portátiles CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" ou 14,1"
- O prezo é 28.581,41euros (IVE engadido).
- O prazo de entrega é de 1 día para os 90 equipos en stock a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista e o resto no prazo mais breve posible a medida que o contratista volva a ter equipos en stock.
- O prazo de garantía é de 1 ano.

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 3230.6260000 "Adquisición de medios informáticos", do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente".

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

"Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 1 de xuño de 2020 que quedará redactado como segue:

"1º.- Adjudicaci3n a OPCON INFORMATICA, SL (CIF B36858512) o contrato de subministraci3n de 200 equipos port3tiles, (90 "SAMSUNG NP300VA INTEL CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" e 110 TOSHIBA SATELLITE PRO L830, INTEL i3 /4GB / 160GB / 14,1") para deixar en pr3stamo aos nenos e nenas de educaci3n infantil e primaria dos colexios de Vigo que non poden seguir as clases escolares "on line" por carecer de equipos TIC, aplicando a tramitaci3n de emerxencia 3 abeiro do artigo 120 da LCSP, as características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato 3 a adquisici3n de 200 equipos port3tiles CORE i3 /4GB / 160GB HDD / 13,3" ou 14,1"*
- O prezo 3 28.581,41euros (IVE engadido).*
- O prazo de entrega 3 de 1 d3a para os 90 equipos en stock a contar dende o seguinte 3 notificaci3n do acordo de adjudicaci3n 3 contratista e o resto no prazo mais breve posible a medida que o contratista volva a ter equipos en stock.*
- O prazo de garant3a 3 de 1 ano.*

2º.- Incoaci3n da oportuna modificaci3n orzamentaria para dotar 3 aplicaci3n orzamentaria 3230.6260000 "Adquisici3n de medios inform3ticos", do cr3dito necesario para facer fronte 3 gasto que se deriva do presente expediente".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(432).- ADXUDICACI3N DA CONTRATACI3N DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O "FARO DA ESCOLA 2020" ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO S.A.U. EXPTE. 18020/101.

Visto o informe de fiscalizaci3n do 05/06/2020, d3ase conta do informe-proposta do 04/06/2020, asinado t3cnica de Adm3n. Xeral (Delegaci3n de 19/06/19) e pola xefa do departamento administrativo da Alcald3a, que di o seguinte:

LEXISLACI3N APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector P3blico, pola que se traspo3nen ao ordenamento xur3dico espa3ol as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector p3blico (RLCSP)*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administraci3ns P3blicas (RLCAP), no que non se op3a 3 LCSP*

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para o “Faro da Escola 2020” organizado polo FARO DE VIGO S.A.U.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de maio de 2020 aprobou o expediente para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, do patrocinio publicitario para o “Faro da Escola 2020” organizado polo FARO DE VIGO S.A.U., os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares, así como a apertura da licitación.

O 15 de maio de 2020 aprobouse unha rectificación do acordo anterior.

Segundo.- O 21 de maio de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 1 de xuño de 2020, FARO DE VIGO S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de xuño de 2020 reúnense a xefa do Departamento de Alcaldía e a técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 21.06.19), por medios telemáticos, e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.”*

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

De conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse que o licitador presentou toda a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP así como os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Comprobado que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, FARO DE VIGO, S.A.U., é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, FARO DE VIGO, S.A.U. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 4 de xuño de 2020 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para o “Faro da Escola 2020” organizado polo FARO DE VIGO S.A.U. (18.020-101) por un prezo total de 94.500 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 16.400,83 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(433).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA -SADI. EXPTE. 9836/224.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 03/06/2020, que di o seguinte:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (PROPOSTA DECLARACIÓN PROCEDUREMTO DESERTO)

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9.836-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9836-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (9836-224).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 15 de maio de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de xuño.

Terceiro.- Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xuño de 2020 non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

“A sensu contrario”, o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 3 de xuño de 2020, cómpre declarar deserta esta licitación.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliar á infancia -SADI- (9836-224) por non terse presentado proposición ningunha durante o prazo de presentación de ofertas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(434).- PROPOSTA PARA DECLARAR A SUSPENSIÓN PARCIAL DO CONTRATO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EXPTE. 6476/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Informe da Área de Coordinación do Organismo Estatal de Inspección de Trabajo y SS.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares do para a contratación dos servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 7 de maio de 2018, acordou adxudicar a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611).

Este contrato foi formalizado o 31 de maio de 2018, iniciándose a prestación o 1 de xuño de 2018.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, se acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.



Concello de Vigo

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. -

O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- En data 28 de abril de 2020, D. Alberto González Fernández, con DNI 36.134.323-N, en nome e representación da mercantil SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.U., presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude rexistrada co nº 200052498 de declaración de imposibilidade de execución do contrato de servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611) como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19.

Sétimo.- En data 3 de xuño de 2020, o adxunto ao xefe do Servizo de Deportes, responsable deste contrato, emite o seguinte informe:

“INFORME : SUSPENSIÓN PARCIAL “CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. (EXPTE: 1537-611).

Atendendo a petición de informe informase:

1.- O obxecto do contrato recollido no PPT e no PCAP , punto 2.A das FEC é o seguinte.

A prestación de servizos:

- OBXECTO DO CONTRATO: Os servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas.*

2.- Duración e formalización do contrato entrada en vigor e desenvolvemento.

- O contrato ten unha duración de 4 anos mais dúas prórrogas dun ano.*
- O contrato formalízase o 31 de maio de 2018, entrando en vigor o 1 de xuño de 2018.*
- O contrato desenvólvese a través dun importe fixo que se factura mensualmente. Este concepto fixo inclúe os servizos de limpeza das instalacións, a aplicación dos procesos das tres DDD, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións, así coma a retirada das illas ecolóxicas e os contedores fitosanitarios.*

3.- No PPT recóllense especificamente as tarefas vinculadas os traballos de limpeza, os traballos das tres DDD, desinfección, desinsectación e desratización, así coma o retirada

das illas ecolóxicas e os contedores hixiénicos fitosanitarios.

A realización dos traballos de limpeza abrangue todas as instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes e recollidas especificamente no PPT. Estes traballos están definidos segundo a súa temporalización, en diarios, semanais, mensuais e trimestrais, así como a limpeza que se debe realizar tralos peches programados das instalacións.

•Limpeza diaria: Todos os espazos, elementos e superficies comprendidos dentro do ámbito de vestiarios, aseos, corredoiros, espazo de xogo deportivo, oficinas, ascensores e conserxerías. Todo os espazos deberán ser tratados con produtos de desinfección axeitados as superficies e ós elementos. Os espazos deberán ser fregados e secados especialmente os lavabos, inodoros, espellos e bancos.

Todos os traballos realizaranse fora das franxas de uso das instalacións.

•Limpeza semanal: Escaleiras das instalacións.

•Limpeza mensual: En todos os pavimentos deportivos nos que se use resina para a práctica de balonmán.

•Limpeza trimestral: Cristais, fregado con máquina dos espazos deportivos, corredores.

•Limpeza tras peche da instalación por período de inactividade: Realizarase unha limpeza xeral de todos os espazos e elementos das instalacións, portas, marcos, fiestras, cortinas, lámpadas, cristais, teitos, libros, paramentos horizontais e verticais, mesas, estanterías, radiadores, en xeral todos os elementos, da instalación.

Os traballos realízanse segundo a carga de traballo especificada no PPT, e que principalmente se vencella ao período de setembro a maio, véndose reducida no período de xuño a agosto. Ademais do traballos xerais de limpeza dos espazos das instalacións, deben realizarse outros servizos:

- Os procesos das tres DDD, naquelas instalacións que recollen especificamente o PPT.*
- A retirada de illas ecolóxicas, nas que se depositan, recipientes de plástico, vidro ou latas.*
- A colocación e retirada dos contedores fitosanitarios nos aseos das instalacións segundo se detalla no PPT.*

Ademais dos servizos que debe prestar, debe aportar os medios materiais e subministrar papel hixiénico, papel de mans, papeleiras, bolsas de lixo, xabón nos aseos das instalacións.

Todos estes traballos deben garantir a funcionalidade das instalacións para o correcto uso polos usuarios.

Durante a suspensión parcial do contrato manteñense servizos de limpeza no centro de emerxencia habilitado na instalación do Berbés ao que se destinan 120 horas de limpeza semanal, no Complexo deportivo das Travesas, ao que acuden diariamente o persoal de mantemento, o cal se destinan 10 horas semanais. Realízanse ademais tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das outras instalacións, garantindo unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro das instalacións, destinanse



Concello de Vigo

para estes fins 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais

4.- Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa. Tendo en conta o exposto no apartado 3, e a normativa de aplicación as prestacións que é imposible prestar son aquelas que veñen motivadas polo falta de actividade continuada nas instalacións deportivas, polo tanto é necesario diminuír a carga de traballo da empresa prestadora dos servizos de limpeza, e soamente e necesario manter activiade nas que teñen actividade e garantir uns procesos de limpeza mínimos que garantan un estado óptimo de salubridade das instalacións e aquelas que están vencelladas a procesos mensuais e trimestrais.

5.- Normativa de aplicación ó estado de situación xerada polo COVID-19.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.

- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.*
- *Informe del area de Coordinación del Organismo Estatal de Inspección de Trabajo y SS.*

6.- Descrición da actividade mínima indispensable para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais.

No informe de notificación de suspensión realizado a mercantil SOCIEDADE PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES. (STAR) expone:

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e ante a declaración do estado de alarma polo goberno da nación.

Polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Neste marco, e tendo en conta a progresión dos contaxios, nun escenario no que as autoridades sanitarias apelan á responsabilidade social de todos os cidadáns para contribuir á ralentización da propagación da enfermidade, faise preciso adoptar medidas adicionais para contribuir á contención, garantindo sempre o mantemento da prestación dos servizos esenciais do Concello de Vigo.

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. No seu artigo 34 recolle medidas en materia de contratación pública, aclarando qué contratos están automaticamente suspendidos, os supostos nos que se pode solicitar a suspensión, a mora na prestación, así como os efectos da suspensión. No artigo 34, apartado 6, letra b) que ós contratos de limpeza non lles será de aplicación a suspensión dos contratos recollido no apartado 1 e 2 de dito artigo 34.

Con data 23 de de marzo notifícase a empresa SOCIEDADE PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES. (STAR) a continuidade do servizo de limpeza das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, atendendo ao RDL 8/2020, e a necesidade de realizar limpeza máis exhaustivas, realizando tarefas moi específicas de desinfección, nas instalacións deportivas que permanecerán pechadas, e a prestación de servizos específicos de limpeza en instalacións do Complexo deportivo das Travesas, zonas comúns e outros espazos necesarios, o cal queda como centro de referencia para o persoal de servizos mínimos e a realización de tarefas das tres DDD (desratización, desinfección, desinsectación) nas instalacións necesarias.

Con data 24 de marzo o Pavillón do Berbés comeza a funcionar como centro de EMERXENCIA para o COVID-19, sendo necesario reforzar a tarefas de limpeza nas instalacións.

Coa entrada en vigor do RD 11/2020, e transcurridos máis de 15 días do cese da actividade



Concello de Vigo

deportiva, valorase a necesidade de modificar a continuidade do servizo, tendo en conta que a situación do estado de Alarma, pódese prolongar, coma así sucedeu e podería prolongarse. Non estante, independentemente da prolongación do mesmo, non se pode determinar coma vai a ser a incorporación a actividade deportiva e en que datas. Realizada consulta ó comité de seguimento do COVID-19 a través do departamento de contratación, considerase que debe ser o servizo o que valore e tome a decisión da continuidade da totalidade do contrato ou a suspensión parcial de acordo ao RD 11/2020.

Analizadas as necesidades da prestación do servizo e consultada a empresa prestataria, a aplicación do estado de alarma imposibilita a execución total do contrato, ao non poder desenvolverse actividades nas instalacións, de "SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. (EXPTE: 1537-611). desenvolvido pola empresa "Sociedad para el tratamiento de aguas residuales"- STAR., polo que é necesario a suspensión parcial do mesmo nos términos seguintes, e segundo lle foi notificado a empresa dende o servizo de deportes o 20 de abril e con efectos o 21 de abril: suspensión parcial do contrato nos seguintes términos.

- a) Reducción do contrato, ao 39% do valor mensual do contrato. Aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais. Sendo o importe a facturar mensual en tanto en canto se manteña dita situación de 13.007,13 euros.*
- b) CENTRO DE EMERXENCIA DO BERBÉS aplicaranse 120 horas de servizo semanal.*
- c) Complexo deportivo das Travesas 10 horas semanais.*
- d) Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de modo que semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais.*

7.- Proposición de declaración de suspensión total ou parcial e data na que se produce. No caso de que sexa parcial identificación das prestacións que seguen executándose e as que non.

Proponse a suspensión parcial do contrato SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. (EXPTE: 1537-611). desenvolvido pola empresa "Sociedad para el tratamiento de aguas residuales SLU"- STAR CIF B-36.813.517, con efecto do día 21 de abril de 2020 segundo o seguinte:

Primerio - Reducción do contrato, ao 39% do valor do prezo mensual do contrato. Aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais, as cales incluíran todos os custos para o seu desenvolvemento. Ata o restablecemento total do servizo, ou coa incorporacións proporcionais, segundo se active a actividade, como consecuencia da finalización das medidas derivadas do estado de Alarma.

Segundo: Prestar o servizo no Complexo deportivo do Berbés, convertido en CENTRO DE

EMERXENCIA aplicándose 120 horas de servizo semanal.

Terceiro: Prestar servizo no Complexo deportivo das Travesas 10 horas semanais para cubrir as necesidades de limpeza en espazos comúns, aseos e outros espazos necesarios, ao manterse activo o servizo de mantemento da Concellería de Deportes.

Cuarto: Prestar servizo de Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de modo que semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión automática daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

No apartado 6 do citado artigo 34 regúlanse as excepcións ao previsto nos apartados precedentes entre as que se atopan os servizos de limpeza.



Concello de Vigo

Tras a modificación operada polo RD 11/2020 matízase que neste tipo de contratos si será posible a súa suspensión total ou parcial, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 34, e a instancia do contratista ou de oficio, se como consecuencia das medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración local para combater o COVID 19, algún ou algúns dos seus edificios ou instalacións públicas quedaran pechados total ou parcialmente devindo imposible que o contratista preste a totalidade ou parte dos servizos contratados.

No suposto de suspensión parcial, o contrato quedará parcialmente suspendido no que respecta á prestación dos servizos vinculados aos edificios ou instalacións públicas pechadas total ou parcialmente, desde a data no que o edificio ou instalación pública ou parte dos mesmos quede pechada e ata que a mesma se reabra. Para estes efectos, o órgano de contratación notificaralle ao contratista os servizos de seguridade e limpeza que deban manterse en cada un dos edificios. Así mesmo, deberá comunicarlle, a data de reapertura total do edificio ou instalación pública ou parte deles para que o contratista proceda a restablecer o servizo nos termos pactados.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte a resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordouse o peche ao público de todas as instalacións municipais, relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen prexuízo da súa actualización na web municipal, entre as que se atopan as instalacións deportivas.

Segundo o informado o 3 de xuño de 2020 polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes, o contrato foi suspendido parcialmente o 21 de abril de 2020 nos seguintes termos:

- a) *“Reducción do contrato, ao 39% do valor mensual do contrato. Aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais. Sendo o importe a facturar mensual en tanto en canto se manteña dita situación de 13.007,13 euros.*
- b) *CENTRO DE EMERXENCIA DO BERBÉS aplicaranse 120 horas de servizo semanal.*
- c) *Complexo deportivo das Travesas 10 horas semanais.*
- d) *Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridad e eviten o deterioro 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de modo que semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais”.*

-II-

PROCEDEMENTO PARA A DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19:

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

A posterior indemnización de danos e prexuízos deberá solicitala o contratista acompañándoa da documentación acreditativa da súa realidade e contía. Só serán indemnizables os danos efectivamente sufridos polo contratista durante o período de suspensión.

Nos contratos de servizos e subministros de prestación sucesiva que quedaran suspendidos, o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que corresponda. O abono do anticipo poderá realizarse nun só pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Posteriormente, o importe anticipado descontarase da liquidación do contrato. O órgano de contratación poderá esixir para efectuar o anticipo que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na Lei 9/2017.

A solicitude presentada polo contratista cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, procede acordar a declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611) como consecuencia do coronavirus COVID-19.



Concello de Vigo

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato de servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestuarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611), formalizado con SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, nos seguintes termos:

- a) *Redución do contrato ao 39% do seu prezo mensual, aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais, sendo o importe mensual a facturar mentres se mantéña dita situación de 13.007,13 euros.*
- b) *Centro de emerxencia do Berbés: aplicaranse 120 horas de servizo semanal.*
- c) *Complexo deportivo das Travesas: 10 horas semanais.*
- d) *Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro: 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de tal xeito que semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais.*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 21 de abril de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(435).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA ATLANTIC PONTE 2000 SLU NA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VI-GOSÓNICO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE . EXPTE. 8922/336.

Dáse conta do informe-proposta do 08/06/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 72/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 71/2020, interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., contra a exclusión da súa oferta na contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT, expediente 8922-336 . Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Desestimar o recurso interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta na contratación da prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil recollidas na cláusula 2 do PPT, expediente 8922-336 do Concello de Vigo.*
- 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*
- 3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(436).- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR -SAF. EXPTE. 6482/241.

Dáse conta do informe-proposta do 09/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Real decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 22 de abril de 2020, D^a Cristina Pérez Cardeñoso, con DNI núm. 71947113-P, en representación de CLECE, S.A., solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200050970) a suspensión parcial do contrato da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) (expediente 121.736-301) e a indemnización establecida polo artigo 34.1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, “*por ser imposible parcialmente a execución do contrato a consecuencia do COVID-19*”.

O 14 de maio de 2020, a través do documento nº 200057530, D^a Cristina Pérez Cardeñoso, en representación de CLECE, S.A., reitera a súa solicitude.

Con carácter previo á análise do solicitado é preciso relatar os fitos fundamentais no desenvolvemento deste contrato dende a súa adxudicación ata a presente data, así como as circunstancias concorrentes que motivan a súa solicitude.

Segundo.- O 15 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (SAF) (expediente 121.736-301), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación.

Terceiro.- O 29 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno local adjudicou este contrato a CLECE, S.A., por un prezo total de 18.079.556,53 euros e un prezo unitario de 14,07 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de catro anos con dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha. O contrato formalizouse o 19 de outubro de 2016 e comezou a súa execución o mesmo día.

Este contrato foi obxecto de modificación, téndose formalizado o 29 de abril de 2019.

Cuarto.- Mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Esta norma é modificada polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Sexto.- En data 5 de xuño de 2020, o xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico axunto a esta área emiten o seguinte informe:

"I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O 22.04.2020 tivo entrada no Rexistro electrónico municipal un escrito da representante legal de CLECE, S.A (Código solicitude W428701-6845; Docum. nº 200050970) solicitando do Concello de Vigo, con base nos argumentos contidos nel, que acordase:

"...dejar en suspenso parcialmente, desde 16 de marzo de 2020, el contrato administrativo de servicio de ayuda en el hogar (SAF), en las horas cuya ejecución ha resultado imposible a consecuencia del COVID-19, por rechazar su recepción los beneficiarios de las mismas, y en ejecución el resto, y abonar a mi mandante el importe total del servicio ejecutado en la parte no suspendida, y, desde 16 de marzo de 2020, y abonar a mi mandante la indemnización establecida por el art. 34.1 RD Ley 8/2020, por ser imposible parcialmente la ejecución del contrato a consecuencia del COVID-19, con todo lo demás que sea procedente en Derecho..."

Achegouse xunto con ese escrito un "LISTADO PERSONAL SAD VIGO A FECHA 14/03/2020", sen identificación corporativa nin sinatura ningunha.

I.2. O 16.04.2020 reitérase esa mesma solicitude mediante outra instancia que tivo entrada no Rexistro electrónico o 14.05.2020 (Código solicitude W431497-7007; Docum. nº 200057530).

I.3. Incoado o 21.05.2020 polo Servizo de Contratación o Exp. nº 6482/241 (2020), requiriuse nese mesmo día a emisión de informe técnico polo servizo xestor sobre dita solicitude de suspensión; informe que se evacúa agora tendo como referencia o modelo



Concello de Vigo

elaborado para o efecto por aquel Servizo ("CONTIDO DOS INFORMES SOBRE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUCENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19"), dispoñible na Intranet municipal e ó que se nos remite na súa dilixencia.

II. INFORME

II.1. Os datos esenciais do contrato vixente subscrito o 19.10.2016 entre o Concello de Vigo e a mercantil CLECE, S.A. para a prestación do "Servizo de Axuda no Fogar" (SAF), modificado en 2019, poden sintetizarse do seguinte xeito:

TIPO DE CONTRATO	<p>Contrato de servizos (BOP nº 212, do 07.11.2016) CPV: 85312000-9 (servizos de asistencia social sen aloxamento) CATEGORÍA DO SERVIZO ANEXO II TRLCSP: 25 (Servizos sociais e de saúde) Vixencia: ata 18.10.2020</p>
PCAP e PPT	<p>Constan nos respectivos expedientes.</p>
Nº DE PERSOAS USUARIAS	<p>1.144 (maio 2020)</p>
OBXECTO (PCAP)	<p>Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF): Conxunto de atencións ás persoas/familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.</p>
PRESTACIÓNS (Cláusula 3.1 PPT)	<p>De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Vigo, no marco do SAF deberán prestarse polo contratista os seguintes tipos de atención de carácter básico:</p> <ol style="list-style-type: none">Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:<ul style="list-style-type: none">Asistencia para levantarse e deitarse.Apoio no coidado e hixiene persoal, incluíndo vestido, cambio de roupa, lavado de cabelo e todo aquilo que requira a hixiene persoal, con especial atención a encama-

dos e incontinentes.

- *Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para administración de alimentos.*
- *Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración da medicación prescritos por facultativos, así como observación do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio significativo.*
- *Axuda e apoio á mobilización dentro e fóra do fogar.*
- *Apoio para cambios posturais, mobilizacións e atención a persoas afectadas por problemas de incontinencia.*
- *Compañía, orientación temporo-espacial e estimulación das súas capacidades cognitivas.*
- *Realización de actividades de prevención, estimulación e mantemento de autonomía persoal.*
- *Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.*

2. *Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:*

• *Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias, tales como trámites de carácter administrativo, xudicial, xestións bancarias ou similares, así como para acudir a consultas ou tratamentos médicos ou seguimento das intervercións realizadas polo sistema sanitario*

3. *Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:*

a) *Limpeza cotiá e mantemento xeral da hixiene e salubridade da vivenda.*

b) *Lavado, planchado e coidado das prendas de vestir, ben no fogar ou polo servizo de lavandería externa, así como do enxoval doméstico.*

c) *Compra de alimentos e outros produtos de uso común.*

d) *Preparación dos alimentos.*

e) *Coidados básicos da vivenda.*

f) *Calquera outra actividade necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario/a.*

4. *Atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ó desenvolvemento das capacidades persoais básicas, a mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da dinámica familiar.*

5. *Atencións de carácter complementario:*

g) *Préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de*



Concello de Vigo

	<p><i>dependencia que permitan un mellor desenvolvemento do servizo e unha mellora da autonomía e calidade de vida:</i></p> <p><i>h)Camas articuladas i)Cadeiras de rodas j)Cadeiras de baño k)Grúas l)Andadores</i></p> <p><i>O número de cada unha será igual ó 3% de usuarios que sexan atendidos polo servizo.</i></p> <p><i>m)Realización de actividades de lecer que permitan reforzar a convivencia co seu contorno, integración na comunidade e mellora e desenvolvemento das súas capacidades persoais. Organizaranse dúas festas anuais, unha no verán e outra no Nadal, que incluírán o persoal necesario para a atención das persoas usuarias e as actuacións, o transporte e a merenda.</i></p>
IDENTIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS CUXA EXECUCIÓN DEVEU IMPOSIBLE E XUSTIF. DA CAUSA	-----
NORMA QUE AVALA ESTA IMPOSIBILIDADE	-----
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE MÍNIMA INDISPENSABLE PARA EVITAR PREXUÍZOS Á HORA DE REANUDAR O SERVIZO OU PARA EVITAR DANOS NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	-----
PROPOSICIÓN DE DECLARACIÓN DE SUSPENSIÓN TOTAL OU PARCIAL	-----

<p>E DATA NA QUE SE PRODUCE (NO CASO DE QUE SEXA PARCIAL, IDENTIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS QUE SEGUEN EXECUTÁNDOSE E AS QUE NON)</p>	
--	--

II.2. A xuízo desta Xefatura de Área de Benestar Social non concorren no presente caso as circunstancias determinantes do recoñecemento ou declaración dunha hipotética suspensión parcial do referido contrato como a instada pola representante de CLECE, S.A. ó abeiro do Art. 34.1 do RDL.8/2020, do 17 de marzo, coas súas consecuencias indemnizatorias, polas seguintes razóns:

1) O Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 elaborou o «**DOCUMENTO TÉCNICO DE RECOMENDACIONES DE ACTUACIÓN DESDE LOS SERVICIOS SOCIALES DE ATENCIÓN DOMICILIARIA ANTE LA CRISIS POR COVID-19**» no que se relacionaron, con carácter xeral, os criterios de actuación de toda a rede de servizos sociais e se estableceron unha serie de recomendacións precisas para os xestores da atención domiciliaria, salientando -entre outras- as seguintes:

- A necesaria garantía de continuidade na atención ás necesidades básicas das persoas usuarias, mantendo as prestacións domiciliarias que garantan a cobertura das súas necesidades básicas esenciais: aseo, hixiene persoal e do contorno próximo, vestido, coidado da saúde, alimentación, etc.:

«Las medidas adoptadas ante la situación de emergencia por la enfermedad COVID-19, **NO DEBEN INTERRUMPIR EN NINGÚN CASO LAS PRESTACIONES DOMICILIARIAS** que garanticen la cobertura de necesidades básicas esenciales (...) Todo ello sin perjuicio de la reconfiguración de los servicios...».

- A continuidade de atención debe rexer para todos os servizos de axuda a domicilio en curso, con independencia das condicións da persoa (discapacidade, grao valorado de dependencia, etc.) ou do sistema de provisión.
- A necesaria reconfiguración dos contidos das atencións domiciliarias, que debe ser flexible e adaptada a cada situación concreta (variación da intensidade das prestacións, incorporación de novas tarefas imprescindibles, etc.).

«Se recomienda que el personal técnico de servicios sociales de las administraciones públicas sobre las que recae la valoración y el seguimiento de los servicios (profesionales de UTS y análogos), junto con los profesionales de seguimiento de las empresas y entidades proveedoras, en su caso, **reconfiguren de inmediato y de forma personalizada el contenido de las atenciones domici-**



Concello de Vigo

liarias prescritas en estos momentos en atención a las circunstancias y conforme a lo indicado (...)

La **reconfiguración** de los contenidos de atención para cada caso en las circunstancias actuales debe ser **flexible y adaptada a cada situación concreta**. El servicio puede variarse en intensidad, desde la mera visita domiciliaria para verificación de necesidades cubiertas por otros cuidadores familiares para los casos que requieran menor intensidad de atención (sustituible por llamada diaria de teleasistencia, en su caso) hasta la incorporación de nuevas tareas imprescindibles (realizar compras, elaborar comida o proveer de la misma, promover contacto telefónico o telemático, con familiares confinados en otros lugares, atención a mascotas, ofrecer compañía, etc.), o el incremento de intensidades horarias o asistenciales.

ANTE LAS SITUACIONES DE RENUNCIA TEMPORAL AL SERVICIO, se verificará que la persona está debidamente atendida en todas sus necesidades, se procurará, idealmente, verificación telefónica de mantenimiento de las circunstancias y de cuidados y **NO SE ADOPTARÁ RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA ALGUNA DADA LA EXCEPCIONALIDAD TEMPORAL DE LA SITUACIÓN**.

Las **dotaciones de personal y de horas liberados** en función de lo anterior, **pasarán a disposición de la bolsa que gestione la administración competente para habilitar nuevas ayudas o incrementar la intensidad de las existentes, así como realizar tareas de seguimiento proactivo de los casos** ya sea este presencial o telefónico. **Se deberán poner en funcionamiento**, con carácter de **URGENCIA**, **nuevos servicios de atención domiciliaria** para personas usuarias que los precisen, con la máxima celeridad y sin atender a los procedimientos habituales de contratación, de valoración de caso, o de resolución administrativa. Bastará la mera decisión facultativa para activar los servicios. Se recomienda especialmente la revisión de casos en espera de SAD mediante llamada telefónica, para la articulación, en su caso, de altas en servicio conforme a los procedimientos de urgencia citados».

- A procedencia de **reorganizar as atencións domiciliarias en función das prioridades existentes**, tendo en conta circunstancias como o grao de autonomía persoal, o estado de saúde ou a rede de apoio dispoñible.

É dicir que, a diferencia do que sucedeu con outros servizos municipais, nos que a imposibilidade de continuar coa súa execución, total ou parcialmente, era incuestionable á vista das medidas extraordinarias adoptadas logo da declaración do estado de alarma polo RD.463/2020, do 14 de marzo (actividades docentes, deportivas, culturais, festivas, de lecer, etc.), o Concello de Vigo estaba expresamente obrigado a continuar prestando coa maior normalidade posible o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para as algo máis de mil persoas beneficiarias; se cabe, aínda con máis intensidade dada a situación de crise sanitaria e social provocada por esta pandemia e o seu maior impacto nos sectores da poboación máis vulnerables.

Como se indicaba no Auto do Xulgado do Social nº 8 de Sta. Cruz de Tenerife do 23.03.2020, que a entidade CLECE, S.A. coñece perfectamente porque é tamén a empresa prestadora do SAF nese concello canario e foi parte no pleito: “Estas persoas están agora mesmo confinadas en sus hogares y tanto ellas como sus familiares, en su caso, precisan más que nunca en estos momentos, de los apoyos oportunos de los servicios sociales domiciliarios”.

Nese mesmo pronunciamento, que desestimou a pretensión cautelar da “Federación de empleados y empleadas de los Servicios Públicos de la UGT” de que, en caso de non contar os/as traballadores/as con todo o material de protección que consideraban necesario, se suspendese a relación “o la exoneración de prestación de servicios con mantenimiento del deber empresarial de cotizar y abonar los salarios...”, razónábase tamén que:

- **“El servicio prestado por los trabajadores solicitantes resulta de tal importancia que, en caso de no prestarse, la vida de un gran número de usuarios correría extremo peligro. Piénsese en un anciano de noventa años que carece de movilidad o autonomía para ducharse o comer por sí mismo. Por lo tanto, en el presente caso de crisis sanitaria no sólo entra en juego el derecho a la salud de los trabajadores, sino también el derecho a la vida e integridad física de los usuarios del servicio de ayuda a domicilio”.**
- **“Así pues, desde un punto de vista estrictamente constitucional y tras realizar un juicio de ponderación y proporcionalidad entre ambos derechos, resulta claro que la exoneración de estos trabajadores de la prestación del servicio no puede acordarse. Y la denegación no sólo procede teniendo en cuenta un plano constitucional de los derechos en juego, sino también viendo que el Ministerio competente ha sido claro y contundente a la hora de afirmar que en ningún caso deben interrumpirse las prestaciones domiciliarias que garanticen la cobertura de necesidades básicas esenciales: aseo, higiene personal y del entorno próximo, vestido, tratamientos y prestaciones farmacéuticas, de alimentación y de sueño”.**
- **“La interrupción de estos servicios (...) conllevaría la exposición de muchos usuarios del servicio de atención a domicilio al riesgo de fallecer por inanición, falta de limpieza o ausencia de administración de medicamentos. Ello no es óbice para que la empresa, de acuerdo con las instrucciones y directrices dadas por el Ministerio competente, analice caso por caso aquellas actividades o situaciones que podrían adaptarse o excluirse por no resultar necesarias para preservar la salud, vida y bienestar de los usuarios del servicio, y ello con el fin de minimizar el riesgo de propagación del virus, intrínseco a la actividad que realizan los trabajadores solicitantes”.**

2) Seguindo aquelas recomendacións do Goberno do Estado e mediante Oficio da Concelleira de Política de Benestar Social dirixido a D^a Ana Castro Alonso, Xerente de Servizos Sociais en Galicia de CLECE, S.A., lembrouse a conveniencia de que se observasen na prestación do SAF que este Concello ten contratado coa súa empresa, as pautas contidas no precitado «DOCUMENTO TÉCNICO...» do Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 (V.2. 18.03.2020).



Concello de Vigo

Nesa mesma comunicación informábase tamén á representante de CLECE, S.A. que a Concellería de Política de Benestar Social estaba a facer un seguimento continuo e diario da situación derivada da crise sanitaria provocada polo COVID-19 nos servizos sociais municipais e que seguiríanse a realizar todas as xestións posibles perante as autoridades competentes para procurar que todos eles puidesen seguirse prestándose nas debidas condicións de calidade e seguridade, pero **sen comprometer a necesaria continuidade dos servizos de atención ás persoas máis vulnerables; “servizos máis necesarios que nunca nesta situación excepcional de alarma”**.

De feito, na reunión do 18.03.2020 do Comité municipal de Seguimento de evolución do COVID-19, deuse conta do acordo acadado con CLECE, S.A. para **“facer un seguimento das urxencias en tempo real durante as fins de semana e festivos”**.

- 3) Nesta mesma liña de **ampliación e reforzo do SAF e de garantía da súa continuidade sen interrupcións**, máis alá dos cambios e adaptacións que resultasen obrigadas, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia procedeu á implantación dun **SAF EXTRAORDINARIO** para atender esta nova situación, reforzando con 500.000 horas ó mes este servizo de coidado a domicilio para uns 125.000 fogares, das que se concederon ó Concello de Vigo un total de 23.293 horas. Destas, teríanse xa utilizado unhas 3.695 horas aprox. (dato a 26.05.2020), que permitiron poñer en marcha o Servizo en casos de urxencia social xustificada (p.ex. persoas soas en situación de abandono).
- 4) Así as cousas, o SAF seguiu a prestar en Vigo con todas as necesarias adaptacións e reaxustes derivados da situación extraordinaria causada pola pandemia do COVID-19, pero sen interrupción ningunha do Servizo como tal, garantíndolles así ás persoas usuarias os servizos básicos de atención persoal incluídos no contrato suscrito con CLECE, S.A.
- 5) Seguindo tamén aquelas Recomendacións do Ministerio, durante esta situación de extraordinaria urxencia (que aínda non rematou) non se adoptou ningunha resolución administrativa de baixa no Servizo, tendo en conta a excepcionalidade temporal da situación.

Segundo os datos facilitados polo propio contratista, a 31.03.2020 teríanse rexistrado 248 solicitudes de suspensión ou baixa temporal do Servizo pero, xa nos meses seguintes, **déronse novas altas, reanudouse o servizo (128 casos só no mes de maio), intensificouse o mesmo con máis horas, contouse cun retén COVID-19 dun auxiliar con dispoñibilidade de 16 horas/día e leváronse a cabo outras prestacións inherentes ó SAF e imprescindibles nesta conxuntura, como foi a atención e o seguimento telefónico a máis de 200 usuarios/as, a realización de compras de alimentos e farmacia a 153 persoas e o reparto de comida a domicilio (máis de 30.000 menús) a outras 600 persoas.**

Todos estes servizos foron asumidos polo contrato de SAF vixente e o seu custo seralle aboado ó contratista con cargo ó mesmo.

- 6) O contratista semella identificar na súa solicitude de suspensión as baixas temporais no Servizo coa “imposibilidade parcial” de executar o contrato nas horas correspondentes a esas baixas (por certo, xa reducidas a menos da metade a finais do mes de maio), pero entendemos que isto non é así pois, tal como se indica no INFORME DA ABOGACÍA DO ESTADO do 01.04.2020 (“Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”) a respecto do concepto de “imposibilidade”:

“La imposibilidad supone la inviabilidad absoluta de ejecutar el contrato, lo que no sucede cuando éste pueda continuar, aunque, debido al estado de alarma, varíe el modo en que puede ejecutarse” (...) puede existir desde el mismo momento en que se decreta el estado de alarma o posteriormente, como consecuencia de la adopción de nuevas medidas por el Gobierno, o por el cambio de las circunstancias en que se desarrolla el contrato» (páx. 4-5).

- 7) A posibilidade de suspender parcialmente a execución dos contratos afectados pola situación derivada do COVID-19 foi introducida polo RDL.11/2020, do 31 de marzo (con efectos do 18.03.2020), que deu unha nova redacción ó Art. 34.1 do RDL.8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias. No precitado Informe da Abogacía do Estado (páx. 10) confírmase a admisibilidade dunha suspensión parcial dos contratos administrativos afectados pero **“vinculada solo a una parte diferenciada del contrato”**, invocando como precedente o Ditame nº 610 do “Consejo de Estado”, do 23 de xullo de 1992.
- 8) Nin a suspensión parcial solicitada por CLECE, S.A. afectaría a unha “parte diferenciada” do contrato de SAF formalizado con este Concello nin se adoptaron polas autoridades estatais, autonómicas ou locais novas medidas, posteriores á declaración do estado de alarma o 14.03.2020, que impedisen a execución, total ou parcial, deste contrato.

Pola contra, tal como acabamos de comprobar, as directrices específicas emanadas do Goberno do Estado, das CCAA e tamén dos Concellos en relación coa actuación dos servizos sociais de atención domiciliaria diante da crise por COVID-19 foron precisamente na dirección contraria, prescribindo a inexcusable prestación ininterrompida dos servizos incluídos no SAF, considerados esenciais, con todos os reaxustes, adaptacións e readaptacións que fosen precisas, atendidas as circunstancias concorrentes.

- 9) CLECE, S.A. presentou o 22.04.2020 a súa solicitude de suspensión parcial do contrato de SAF. Ata ese momento, a preocupación trasladada oficialmente polo contratista ó Concello de Vigo (Carta de D^a Ana Castro Alonso do 22.03.2020 ó Alcalde-Presidente) fora a relativa á carencia e/ou insuficiencia dos medios de protección (máscaras, luvas, EPIS...) necesarios para continuar coa prestación do Servizo coas debidas garantías de seguridade para traballadores/as e usuarios/as; preocupación lóxica e á que se lle deu cumprida resposta naquel Oficio á súa Xerente no que se daba conta, de forma pormenorizada, de todas as xestións levadas a cabo sobre ese asunto desde o Concello de Vigo, sen prexuízo das obrigas que lle correspondían, directa e principalmente, á empresa co seu persoal nesta materia.



Concello de Vigo

10) O Concello de Vigo non cuestionou en ningún momento o mantemento do contrato nos termos pactados, sen prexuízo das modificacións, adaptacións e reaxustes obrigados por esta situación excepcional que, en todo caso, debían permitir seguir prestando este **SERVIZO ESENCIAL** para as persoas, maioritariamente dependentes e, moitas delas, en situación de extrema vulnerabilidade.

11) Con ese mesmo obxectivo común de garantir a continuidade do SAF nas debidas condicións de seguridade e saúde para os/as traballadores/as e as persoas usuarias, requeriuse en data 01.04.2020 a CLECE, S.A. para que, en cumprimento das obrigas empresariais derivadas da execución do contrato, achegase oficialmente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo, no prazo que se indicaba, o “Plan de Continxencia” que en materia de riscos laborais (Arts. 14 e ss. da L.31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais) tivese adoptado e actualizado para preservar a seguridade e saúde dos/as seus/súas traballadores/as fronte ó risco derivado da crise sanitaria provocada polo COVID-19 (Exp. nº 197712/301).

Ese Plan foi presentado o 07.04.2020, xustificándose nel a necesidade dun Protocolo de actuación para o SAF e lembrando moi acertadamente que:

“ En la actual coyuntura COVID19, la protección de las poblaciones más vulnerables, y en especial las personas mayores y con limitaciones en su autonomía, son una de las prioridades del sistema sociosanitario. El servicio de ayuda a domicilio aporta una prestación de proximidad fundamental para que este colectivo concreto pueda permanecer en su domicilio, en una situación compensada, satisfactoria y con calidad de vida, gracias al desempeño profesional de este servicio...”

12) O certo é que o SAF, que rexistraba un total de 991 beneficiarios/as no mes de xaneiro deste ano, contaría xa a finais de maio cun número maior de persoas usuarias có inicio da situación de alarma a mediados do mes de marzo (1.026); en concreto, con 1.144 usuarios/as (65 máis que no mes de abril).

13) En todo caso, como xa manifestou a Xefatura do Servizo de Contratación no seu informe-proposta de data 16.11.2018 (Exp. nº 6219/241 – modif. contrato SAF), conformado pola Titular da Asesoría xurídica municipal:

«...O obxecto deste contrato non é a prestación do servizo de asistencia a domicilio un número de horas determinadas ó ano. O apartado 2.A da FEC fixa como obxecto do contrato “a prestación do servizo de axuda no fogar”, sen especificar un número de horas de prestación deste servizo ó ano. ESTAMOS ANTE UN CONTRATO DE SERVIZOS SEGUNDO NECESIDADES, dos previstos na disposición adicional trixésimo cuarta do TRLCSP. Segundo este precepto “En los contratos de suministros y de servicios que tramiten las Administraciones Públicas y demás entidades del sector público con presupuesto limitativo, en los cuales el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes o a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario, sin que el número total de entregas o prestaciones incluidas en el objeto del contrato se defina con exactitud al tiempo de celebrar éste, por estar subordinadas las mismas a las necesidades de la Administración, deberá aprobarse un presupuesto máximo” (...) O número de

horas non aparece recollido en ningún momento no PCAP, se ben, para fixar o presuposto máximo tívose en conta o número de horas que se estimou que resultarían necesarias para a prestación do servizo, tratándose dunha mera previsión, baseada no funcionamento do servizo en anos anteriores, pero non vinculante. De feito, se o adxudicatario ofertase un prezo unitario menor este número inicial de horas previstas ao calcular o presuposto máximo do contrato veríase incrementado».

En CONCLUSIÓN:

- 1) O Concello de Vigo estaba expresamente obrigado a continuar prestando coa maior normalidade posible o Servizo de Axuda no Fogar para as máis de mil persoas beneficiarias en marzo deste ano e así llo comunicou formalmente ó contratista desde o inicio desta situación.
- 2) O SAF contratado polo Concello de Vigo coa mercantil CLECE, S.A. seguiu executando con posterioridade á declaración do estado de alarma e ata o presente, no que se rexistra un total de 1.144 persoas usuarias.
- 3) A situación excepcional padecida por causa da pandemia do COVID-19 obrigou a reconfigurar os contidos da atención domiciliaria, adaptándoos ó novo escenario e ás necesidades esenciais dos/as beneficiarios/as, substituíndose en determinados casos esa atención presencial por outros recursos tamén incluídos no obxecto do contrato, como o seguimento telefónico ou a compra e subministración a domicilio de alimentos e produtos farmacéuticos.
- 4) As baixas rexistradas durante este periodo excepcional tiñan carácter temporal e non podían dar lugar á adopción de ningunha resolución administrativa de baixa no Servizo. En todo caso, nese tempo rexistráronse tamén novas altas e reanudacións, concedéronse máis horas e o Servizo mantívose substancialmente inalterado para a maioría das persoas que eran xa usuarias do SAF antes da declaración do estado de alarma sanitaria.

Sen prexuízo do anterior, debemos lembrar que estamos diante dun contrato de servizos segundo necesidades da Admón. cun orzamento máximo limitativo e non por un número determinado de horas ó ano”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato do servizo de axuda no fogar (SAF), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 29 de setembro de 2016 a CLECE, S.A. é un contrato administrativo de servizos.



Concello de Vigo

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

-II-

Do estado de alarma e as súas consecuencias neste contrato

No artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatalo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O contrato que nos ocupa é un contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo segundo a disposición adicional 34ª do TRLCSP. Neste tipo de contrato o contratista obrígase a entregar unha pluralidade de bens ou executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de

entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude ao tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, se ben deberá aprobarse un orzamento máximo.

Agora ben, os aspectos máis salientables na execución deste contrato que motivan a improcedencia de declarar a súa imposibilidade parcial veñen recollidos no informe do servizo xestor de data 5 de xuño de 2020, no que se conclúe:

- 1) *“O Concello de Vigo estaba expresamente obrigado a continuar prestando coa maior normalidade posible o Servizo de Axuda no Fogar para as máis de mil persoas beneficiarias en marzo deste ano e así llo comunicou formalmente ó contratista desde o inicio desta situación.*
- 2) *O SAF contratado polo Concello de Vigo coa mercantil CLECE, S.A. seguiu executando con posterioridade á declaración do estado de alarma e ata o presente, no que se rexistra un total de 1.144 persoas usuarias.*
- 3) *A situación excepcional padecida por causa da pandemia do COVID-19 obrigou a reconfigurar os contidos da atención domiciliaria, adaptándoos ó novo escenario e ás necesidades esenciais dos/as beneficiarios/as, substituíndose en determinados casos esa atención presencial por outros recursos tamén incluídos no obxecto do contrato, como o seguimento telefónico ou a compra e subministración a domicilio de alimentos e produtos farmacéuticos.*
- 4) *As baixas rexistradas durante este periodo excepcional tiñan carácter temporal e non podían dar lugar á adopción de ningunha resolución administrativa de baixa no Servizo. En todo caso, nese tempo rexistráronse tamén novas altas e reanudacións, concedéronse máis horas e o Servizo mantívose substancialmente inalterado para a maioría das persoas que eran xa usuarias do SAF antes da declaración do estado de alarma sanitaria.*
- 5) *Sen prexuízo do anterior, debemos lembrar que estamos diante dun contrato de servizos segundo necesidades da Admón. cun orzamento máximo limitativo e non por un número determinado de horas ó ano”.*

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO



Concello de Vigo

“Denegar a solicitude de declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) (expediente 121.736-301) presentada por CLECE, S.A., adxudicataria deste contrato, polas razóns expostas no fundamento xurídico deste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(437).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA CONCEDIDA A ARENAL ALOBAS SL AO ABEIRO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019. EXPTE. 17088/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/02/2020, asinado pola xefa do servizo de Desenvolvemento Local (Resolución de 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2019.

ANTECEDENTES

Con data do 17.07.2019 e documentos co núm. de rexistro 190110718 e 190110731 Ana Isabel Caride Villar co NIF 36113195K en representación da empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 presentou solicitude de Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2019 pola transformación do contrato temporal dun traballador a indefinido ao abeiro do Programa de incentivos á contratación.

Con data do 30.07.2019 e núm. de rexistro 190118840 Ana Isabel Caride Villar co NIF 36113195K en representación da empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 achega os anexos de solicitude coa sinatura electrónica válida e outra documentación xustificativa do seu cumprimento nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Vigo.

Con data do 12.08.2019 e núm. de rexistro 190126515 e con data do 13.08.2019 e núm. de rexistro 190127322 Ana Isabel Caride Villar co NIF 36113195K en representación da empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 achega certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social (expte. 16581/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22.11.2019, acordou concederlle unha axuda por importe de 1.500,00€.

Con data do 22.11.2019 e rexistro de saída número 47943 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.11.2019 e núm. de rexistro 190187585 Ana Isabel Caride Villar co NIF 36113195K en representación da empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 16946/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 10.02.2020 e núm. de rexistro 200023014 Ana Isabel Caride Villar co NIF 36113195K en representación da empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 comunica a baixa por despido do traballador polo que se lle concedera a axuda e informa *“Que no ha sido posible cubrir la vacante con otro empleado de plantilla, ya que no cumplían los requisitos exigidos en las bases de la convocatoria”*.

Con data do 20.02.2020 a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe concluíndo que *“Á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través do documento núm. 200023014, e, en consonancia co disposto na base 2ª, apartados a.4.2, a.4.5, a.7 e a base 5ª a) da convocatoria, procede iniciar un expediente de revogación parcial da subvención outorgada e requirir o reintegro de 1.097,25€ correspondente á diminución significativa das actuacións subvencionadas ademais dos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local.”*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2019 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, expediente 16331/77, establecen:

- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.2 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*
- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.5 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: *“Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período de dous anos ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado a.7.”*
- na Base 2ª A, apartado a.7. Alteración das condicións de concesión: *“De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao*



Concello de Vigo

reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederáse á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entres as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Participación Cidadá de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrara persoa algunha co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.”

- na Base 5ª a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

... O acordo da Xunta de Goberno Local que detemine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención,

procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 17088/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data 18.02.2020, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 22.11.2019 a prol da entidade Arenal Alobas, SL, en concepto de axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2019.

Mediante notificación asinada pola xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 20.02.2020, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade achegara as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 20.02.2020 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Con data do 20.02.2020 e núm. de rexistro 200029723 a entidade interesada declara *“Que no se efectuarán alegacións al procedemento, es por lo que SOLICITO: Que se continúe con el trámite del expediente y se proceda a la resolución del mismo.”*



Concello de Vigo

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 17088/77, de xeito que:

- A empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 20.12.2019.
- A transformación do contrato do traballador a indefinido realizaouse con data do 05.07.2019.
- Ante a baixa do traballador por despido comunicada no documento 200023014 a empresa informou segundo o establecido na base 2ª, apartado a.4.2.
- A baixa da persoa traballadora produciuse o 22.01.2020; a empresa segundo á base 2ª, apartado a.7 Alteración das condicións de concesión non puido substituíla por outra persoa contratada na empresa e, dentro do prazo establecido, non procedeu a cubrir a vacante solicitando candidaturas ao Servizo Público de Emprego e ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego.
- O período transcorrido desde o inicio do contrato é inferior á data de remate do mesmo polo que incumpre a base 2ª, apartado a.4.5.

Ao producirse a baixa do traballador pola que se lle outorgou a axuda e dado que, aínda que de conformidade coas bases reguladoras, se comunicou a súa baixa e tras a sondaxe realizada para a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa a substituír, non se procedeu a súa substitución. Tendo en conta que, dentro do prazo establecido, non se solicitaron candidaturas ao Servizo Público de Emprego e ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego para cubrir a vacante, e que o tempo transcorrido desde o inicio do contrato temporal ata a baixa do traballador é inferior ao do remate do contrato procede, en aplicación da base 5ª a), á revogación e ao reintegro parcial da axuda concedida á empresa Arenal Alobas, SL por importe de 1.097,25€ e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	20/12/2019	Importe para o cálculo:	1.097,25€
Data fin do cálculo:	12/03/2020	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
21/12/2019	12/03/2020	83	3,75	1.097,25	9,33
TOTAIS					
1.106,58 €					

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de 1.097,25 €, outorgada á empresa Arenal Alobas, SL co NIF B27724517 mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 22.11.2019, e 9,33€ correspondentes aos xuros de mora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 17088/77), por incumprimento segundo a base 2ª A, apartados a.4.2, a.4.5, a.7 e a base 5ª a) ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria das Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2019.

A presente declaración de revogación e reintegro parcial da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma



Concello de Vigo

potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(438).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DE FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 17205/77.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 4/06/2020, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) solicita, mediante escrito remitido en data 14/05/2020 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos núm. 200057496 e 200057501) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento das actividades da entidade, no marco do fomento do emprego, no período comprendido entre o 01/01/2020 e 31/10/2020.

- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado (Anexo II)

- declaración responsable das axudas recibidas para o programa (Anexo III)

- orzamento de gastos do proxecto

- proposta de convenio de colaboración

Ademais, forman parte do expediente:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedida en data 18/05/2020.

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 19/05/2020.

- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 18/05/2020.

- certificación de non ter débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, de 20/05/2020

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 18/05/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 20/05/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, achegou memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

VII. Con data 1/06/2020 a Intervención xeral emite fiscalización de conformidade da proposta sinalando que, a tramitación do expediente se ve afectada pola reanudación dos prazos administrativos establecida no artigo 9 do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 segundo a seguinte regulación.

Polas razóns expostas, se incorporan as conseguíntes correccións no informe proposta de data 20/05/2020, xa que non procede a motivación da tramitación do procedemento, conforme a Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020 de 14 de marzo, nin a aprobación da continuidade da dita tramitación incluída no primeiro punto da proposta acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa por importe de 36.967,03 € á “Unión Comarcal CCOO Vigo”, que se instrumentaliza mediante a tramitación do presente convenio co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.



Concello de Vigo

Co presente convenio, dase continuidade ás actividades obxecto de anteriores colaboracións conxuntas para axudar ao financiamento dos custos da Oficina de Atención á Cidadanía da entidade en materias de interese xeral, así coma para a organización de xornadas informativas de interese, como a proposta pola entidade no actual contexto de crise sanitaria: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo".

Así mesmo, engádese no presente convenio unha nova liña de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo" en atención ás graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, mediante o reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as da cidade de Vigo, para o cal, se propón a contratación dunha persoa inscrita no rexistro de demandantes de emprego co perfil de graduado/a en Relacións laborais.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CCOO Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2020.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, con CIF: G15103112 , ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017 e 2019 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.



Concello de Vigo

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **36.967,03 euros** imputaranse con cargo á partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2020 ao 31/10/2020).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Unión Comarcal de Comisiones Obreras de Vigo está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **16 de novembro de 2020**.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo que ser incorporado ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se incorporan ao Pacto 9º as obrigas de publicidade previstas ás que resultan suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

VIII. Órgano competente:



Concello de Vigo

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 1/06/2020, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo, con CIF: G-15103112, para fomento do emprego.
- Autorizar o gasto de **36.967,03 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020
- Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO” PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOCIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 17205/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) e domicilio social na e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 17205/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que de acordo coas resolucións de delegacións de competencias de datas 18 e 26 de xuño de 2019, lle corresponden ao concelleiro da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017 e 2019 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

TERCEIRO: Que CCOO é unha organización sindical democrática, formada por traballadores e traballadoras afiliados de forma voluntaria para defender os seus intereses e conseguir unha sociedade máis xusta, democrática e participativa.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender as reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisiones Obreras, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego":

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 14/05/2020, a través dos documento con número de rexistro de entrada 200057496 e 200057501 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:

1. Urbanismo municipal
2. Declaración da Renda
3. Información sobre emprego
4. Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia

2. Xornada de información cidadá: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo "



Concello de Vigo

3. Reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, para o cal, se propón a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais inscrita no rexistro de demandantes de emprego.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de CCOO de Vigo, a condición de participe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CCOO de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2020, para o desenvolvemento dun convenio coa CCOO para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de CCOO de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CCOO de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:
 - Urbanismo municipal
 - Declaración da Renda
 - Información sobre emprego
 - Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia

2. Organizar e desenvolver unha Xornada de información cidadá: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo "
3. Reforzar o asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, mediante a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais, empadroada en Vigo e inscrita no rexistro de demandantes de emprego.
4. Realizar convocatoria pública da oferta de emprego do persoal a contratar con cargo á subvención, mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días naturais antes da realización da selección, debendo o secretario ou secretaria da entidade certificar a súa publicación ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en relación cos postos a contratar.
5. Elaborar materiais informativos e divulgativos.
6. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
7. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
8. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
9. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
10. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
- Conceder directamente á Unión Comarcal de CCOO de Vigo unha subvención por importe de 36.967,03 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá á conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O

material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- Selección do persoal a contratar

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días naturais antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no Anexo (Oferta de emprego asinada electronicamente, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplogo@vigo.org, cando menos cun día hábil de antelación á data de publicación.

O/A secretario/a ou representante da entidade certificará a publicación da oferta de emprego do posto a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), e b) a entidade que teña unha proposta de contratación remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

- a) Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b) Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbese.



Concello de Vigo

d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos nos pactos deste convenio para proceder á contratación.

De resultar necesario subsanar ou completar a documentación exixida, ben, porque a persoa seleccionada pola entidade non cumpre os requisitos exixidos no convenio ou na oferta, ou ben, porque fose necesario subsanar ou acompañar documentos preceptivos, a entidade disporá dun prazo de 10 días para atender ao requirimento efectuado mediante notificación electrónica, transcorrido o cal, se lle terá por desistida da súa petición.

O informe favorable remitirase á entidade solicitante mediante notificación electrónica, podendo proceder á contratación da/s persoa/s seleccionada/s unha vez remitido.

Décimo primeiro.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **16 de novembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de outubro de 2020.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.



Concello de Vigo

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sétimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións

previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de CCOO de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Vixésimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo primeiro.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,
_____ de 2020



Concello de Vigo

13(439).- SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL” (CO-FINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL -FEDER). EXPTE. 17209/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/2020, dáse conta do informe-proposta 29/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán co-financiadas mediante o Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, dependente da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ten encomendado dentro do plan de implementación da estratexia DUSI “Vigo Vertical”, o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico “9.8.2. Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas” en concreto no marco da liña de actuación “Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral”.

Para desenvolver estes obxectivos, a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión.

As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que responde de xeito oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

As vindeiras convocatorias do Programa VIGO EMPREGA, iníciáanse con importantes novidades en relación á estrutura socioeconómica e de regulación das relacións socio-

laborais, por mor do recente acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30 de abril de 2020 (publicado no BOP de Pontevedra do 11 de maio), de aprobación da actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, resultando indispensable para a posta en marcha das contratacións do persoal beneficiario dos distintos programas de emprego consignados nos vixentes orzamentos municipais de 2020, para tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas desempregadas.

O anterior permite eliminar desequilibrios no seo do programa Vigo Emprega e gañar en competitividade, o que mellorará a situación socio-laboral das persoas beneficiarias contratadas ao abeiro deste programa dotado dunha substantividade propia, dunha estrutura redefinida e concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todos os traballadores beneficiarios.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Programa "Vigo Emprega", estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, definindo, deste xeito, dunha maneira clara e definitiva, os salarios en función das categorías profesionais de cada un dos postos de traballo ofertados e, en definitiva, todo o marco de relación entre estas persoas traballadoras e o Concello de Vigo, en todos os aspectos relacionados coas condicións socio-laborais dos beneficiarios: permisos, vacacións, salarios, normas disciplinarias e vixilancia da saúde.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios do Programa Vigo Emprega que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.



Concello de Vigo

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras do programa establecen que nas convocatorias os postos a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

Auxiliar administrativo	Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería
Técnico Auxiliar de PRL	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánico de maquinaria
Capataz construción	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Oficial albanelería	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Oficial electricidade	Peóns xardinería-forestal	Peóns construción

A base 4, establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de inserción laboral, cunha modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, debendo figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para o fomento da Inserción Laboral

“VIGO EMPREGA” no marco da Estratexia **DUSI VIGO VERTICAL** financiada polo **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

IV. RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER POLO PERSOAL DO PROGRAMA VIGO EMPREGA NA 1ª QUENDA DO 2020:

a) Vías e Obras:

- *Reparación de beirarrúas en rúas do rural, principalmente Avd. Aeroporto.*
- *Reparación de escaleiras: Roris, rúa Tanque e Avd. da Ponte.*
- *Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais: Camiño Figueirido, Camiño Devesa, Estrada do Vao, San Paio, Camiño Hermida, Estrada Fragoiño, Rorís, Monte da Mina de Castrelos, Avda. do Tranvía, Camiño Norberto, Camiño Cañizo.*
- *Pintado de varandas nas rúas da cidade.*

b) Parques e Xardíns:

- *Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas no Parque do Castro, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.*
- *Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o tránsito de persoas con problemas de mobilidade.*
- *Instalación e reparación de sistemas de rega automática no parque do Castro. Limpeza de arquetas e sumidoiros.*

c) Educación:

- *CEIP JAVIER SENSAT: Remodelación baño.*
- *CEIP BALAIOS: Remodelación baño piso superior*
- *CEIP CANIDO RÍA DE VIGO: Acondicionamiento de dous baños adosados a aulas de infantil*
- *CEIP LAVADORES POMBAL: Remodelación de dous baños en edificio antigo*
- *CEIP VICENTE RISCO: Remodelación de dous baños para infantil en planta baixa*

d) Parque Central de Servizos:

- *Impermeabilizar duchas no vestiario 5.*
- *Repoñer azulexos en vestiarios e reparación de desperfectos.*
- *Cambiar tubo de auga quente aos vestiarios, que presenta varias fugas.*
- *Reparar valado de peche da finca.*
- *Instalar reixas para recollida de augas diante dos portais do Parque Móbil*



Concello de Vigo

- *Desbroce de ladeiras e limpeza de cunetas e sumidoiros.*
- *Revisar iluminación de emerxencia e cambiar luminarias defectuosas, e reparacións diversas na instalación eléctrica.*
- *Pintado de diversas zonas das naves.*

e) Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local:

- *Obras de reparación e acondicionamento nos Centros municipais de distrito.*
- *Obras de reparación e acondicionamento de locais municipais de emprego.*

f) Servizos Centrais Municipais:

- *Pintado de zona de Arquivo Municipal*
- *Pintado de escaleiras e pasillos da Casa do Concello*

g) Medio Ambiente:

- *Obras de reparación e acondicionamento das instalacións do refuxio municipal da Madroa.*
- *Eliminación de especies invasoras nos sistemas dunares*
- *Desbroces puntuais en zonas concretas como cañaveral de Fontaiña, zonas de paseo dos areais, paseo do lagares.*
- *Reparación de instalacións sitas nos areais: casetas socorristas: Vao, Rodas ...*
- *Colocación de pasarelas de acceso aos areais do Vao, Fontaiña e Samil.*
- *Colocación e retirada de mastros de izado de bandeiras e torretas de socorrismo nos areais do municipio.*

h) Vigo Zoo.

- *Acondicionamento de toda a vexetación: recorte de hortensias, poda de arborado, escalda do terreo, eliminación de herbáceas, limpeza da superficie e retirada de restos cun perfilado con cortasetos na zona de entrada*
- *Actuacións de mellora na Nocturama co fin de reproducir un paisaxe de bosque atlántico*
- *Actuacións de xardinería plantación e establecemento de novos exemplares arbustivos que melloren a estética destes maceteiros nas zonas dos diferentes recintos de felinos.*
- *Adaptación de espazos dos recintos dos Osos, zona Sabana e zona de Gamos e Mufions para que se recree o hábitat natural no que viven este tipo de animais*

i) Servizo de Xuventude:

- *CASA DA XUVENTUDE:*
- *Albanelería e Pintura:*
- *Reparacións e pintado de paredes e teitos nos andares: soto (ludoteca) baixa, primeira e segunda.*
- *Electricidade:*
- *Revisión e reparación da instalación eléctrica.*
- *Substitución do sistema de alumado da sala de exposicións.*
- *Carpintería:*
- *Escaleira: reparación de varios tramos de escaleira en mal estado.*

- VIGOSÓNICO:
- *Pintura:*
- *Limpeza e pintado do exterior do edificio.*
- *Pintado interior dos espazos en mal estado.*
- LUDOTECA PAVILLÓN DE COIA:
- *Pintura:*
- *Pintado de sala*

V. POSTOS A CONTRATAR PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 1ª quenda do 2020.

O número de postos a convocar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA 1ª quenda do 2020, serían os seguintes:

2. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
b) Capataces construción	3 (tres)

3. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
b) Oficial albanel	14 (catorce)
c) Oficial electricista	1 (un)
d) Oficial fontaneiro	2 (dous)
e) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
f) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
g) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
h) Oficial Pintor	2 (dous)
i) Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
j) Oficial xardinaría	5 (cinco)
k) Oficial condución	12(doce)

4. Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
b) Construción.	40 (corenta)
c) Xardinería-forestal	16 (dezaseis)

5. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
b) Auxiliar administrativo	1 (un)
c) Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)

VI. SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS.

- O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de tra-



Concello de Vigo

ballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

- Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello cofinanciadas mediante o Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos concédese de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional á Estratexia presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”; por iso, acórdase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias, establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa “Vigo Emprega”.
- Realizarase posteriormente polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.
- Unha vez publicada a baremación e a relación de persoas candidatas admitidas procederáse á realización das probas: escrita e práctica.
- As persoas seleccionadas aceptarán a súa inclusión na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013
- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

- Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
 - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
 - As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, será excluída do proceso de selección.
- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección propondrá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As pro-

bas deseñaranse conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

Procederáse á publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

VII. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

- O prazo previsto de contratación para a 1ª quenda de 2020 será, a partir do 01 de xullo de 2020, polo que os custos totais da convocatoria entre custos salariais e custos das cuotas a Seguridade Social e indemnización por finalización de contrato son: **1.000.722,80€**. Os custos totais concretanse nun exercicio orzamentario e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2020:
 - 2410 1310000 “DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL”:
 - Orzamento 2020 **709.610,72€** + indemnización fin de contrato:
 23.653,69€
 - 2410 16000001 “DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, S.S.”:
 - Orzamento 2020 **267.458,39€**



Concello de Vigo

CALCULO SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA ACORDO MARCO ACTUALIZADO 1ª QUENDA 2020															
Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por traballos	Custe total estimado	Custe postoi mes	CUSTO SALARIAL /BASE DE COTIZACIÓN 6 meses. (A)	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL 6 meses (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
1	Auxiliar administrativa	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84d	32,75	362,98	362,98	1.471,31	1.471,31	6.850,00	2.217,88	221,87	9.049,54
3	Capataz- Construción	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/d	37,80	547,21	1.641,63	1.921,75	1.921,75	8.685,88	2.844,63	289,53	11.820,04
14	Ofic. albanel	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	6.522,77	1.698,48	23.778,77	103.536,02	39.136,62	3.451,20	146.123,84
1	Ofic. electricista	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Carpint. aluminio	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Carpint. metálica	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Carpint. madeira	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
2	Ofic. pintor	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	931,82	1.698,48	3.396,97	14.790,86	5.590,95	493,03	20.874,83
1	Ofic. Formación	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Formación	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Formación	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
1	Ofic. Formación	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	465,91	1.698,48	1.698,48	7.395,43	2.795,47	246,51	10.437,42
12	Ofic. condución	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/f	37,80	465,91	5.590,95	1.698,48	20.381,81	88.745,16	33.545,67	2.958,17	125.249,00
40	Peon construción	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,99	16.758,00	1.527,28	61.091,33	266.000,00	100.548,00	8.866,67	375.414,67
101												709.610,72	267.458,39	23.653,69	1.000.722,80

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse desestimado.

X. MOTIVACIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO CONFORME Á DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª DO RD 463/2020 DE 14 DE MARZO:

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Porén, dita regra xeral admite excepcións, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos motivados nunha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, ou indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020).

No ámbito sociolaboral, a situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19 provocou, entre outras consecuencias, unha masiva destrución de emprego, polo que, a protección dos/as traballadores/as afectados/as, particularmente en determinadas situacións de vulnerabilidade social e económica, está sendo obxectivo prioritario das distintas políticas públicas.

En liña co anterior, e co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, dáse trámite ao procedemento para proceder á SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA PARA O ANO 2020 DENTRO DO PROXECTO VIGO VERTICAL (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), para a contratación de persoas en situación de desemprego.

Polo tanto, na tramitación deste procedemento se propón exceptuar a regra xeral de suspensión dos prazos administrativos establecida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real Decreto 465/2020, motivándose a súa procedencia na necesidade de protexer o interese xeral.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da Área de RRHH e Formación, e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **CONTINUAR** a tramitación do presente procedemento administrativo de aprobación de programa de inserción laboral núm. 17209-320, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020.

2. **Aprobar as bases de selección** de persoas candidatas a beneficiarias do PROGRAMA "VIGO EMPREGA" DENTRO DA ESTRATEXIA "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), que se achegan no anexo I.

3. **Aprobar a convocatoria** de selección de **101** traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" DENTRO DA ESTRATEXIA "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), para os seguintes postos da 1ª quenda do 2020, do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA":

a) Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Capataces construción	3 (tres)

b) **Oficiais de oficios beneficiarios/as:**

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Oficial albanel	14 (catorce)
• Oficial electricista	1 (un)



Concello de Vigo

• Oficial fontaneiro	2	(dous)
• Oficial Carpintería aluminio	1	(un)
• Oficial Carpintería metálica	1	(un)
• Oficial Carpintería madeira	1	(un)
• Oficial Pintor	2	(dous)
• Oficial mecánico maquinaria	1	(un)
• Oficial xardinaría	5	(cinco)
• Oficial conducción	12	(doce)

c) Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Construción.	40 (corenta)
• Xardinería-forestal	16 (dezaseis)

d) Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Auxiliar administrativo	1 (un)
• Técnico Auxiliar Prevención de Riscos Laborais	1 (un)

4. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9 das Bases de Selección de persoas candidatas:

a) 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo 2

b) 22% menores de 30 anos, dos que alomenos o 50%, en busca 1º emprego. 12

c) 30% mulleres DLD 17

d) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD 14

e) 20% persoas maiores de 45 anos DLD . 11

5. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos do procedemento de selección:

2.

a) Capataces, oficiais e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.

b) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.

c) Autorizar a realización de probas: escrita e práctica relacionadas co oficio e posto aos técnicos, Capataces, oficiais e peóns, todos eles beneficiarios/as.

6. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa na 1ª quenda 2020, que deseguido se relacionan:

3.

a) Vías e Obras:

- Reparación de beirarrúas en rúas do rural, principalmente Avd. Aeroporto.

- *Reparación de escaleiras: Roris, rúa Tanque e Avd. da Ponte.*
- *Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais: Camiño Figueirido, Camiño Devesa, Estrada do Vao, San Paio, Camiño Hermida, Estrada Fragosiño, Roris, Monte da Mina de Castrelos, Avda. do Tranvía, Camiño Norberto, Camiño Cañizo.*
- *Pintado de varandas nas rúas da cidade.*

b) Parques e Xardíns:

- *Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas no Parque do Castro, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.*
- *Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o tránsito de persoas con problemas de mobilidade.*
- *Instalación e reparación de sistemas de rega automática no parque do Castro. Limpeza de arquetas e sumidoiros.*

c) Educación:

- *CEIP JAVIER SENSAT: Remodelación baño.*
- *CEIP BALAIOS: Remodelación baño piso superior*
- *CEIP CANIDO RÍA DE VIGO: Acondicionamiento de dous baños adosados a aulas de infantil*
- *CEIP LAVADORES POMBAL: Remodelación de dous baños en edificio antigo*
- *CEIP VICENTE RISCO: Remodelación de dous baños para infantil en planta baixa*

d) Parque Central de Servizos:

- *Impermeabilizar duchas no vestiario 5.*
- *Repoñer azulexos en vestiarios e reparación de desperfectos.*
- *Cambiar tubo de auga quente aos vestiarios, que presenta varias fugas.*
- *Reparar valado de peche da finca.*
- *Instalar reixas para recollida de augas diante dos portais do Parque Móbil*
- *Desbroce de ladeiras e limpeza de cunetas e sumidoiros.*
- *Revisar iluminación de emerxencia e cambiar luminarias defectuosas, e reparacións diversas na instalación eléctrica.*
- *Pintado de diversas zonas das naves.*

e) Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local:

- *Obras de reparación e acondicionamento nos Centros municipais de distrito.*
- *Obras de reparación e acondicionamento de locais municipais de emprego.*

f) Servizos Centrais Municipais:

- *Pintado de zona de Arquivo Municipal*
- *Pintado de escaleiras e pasillos da Casa do Concello*

g) Medio Ambiente:

- *Obras de reparación e acondicionamento das instalacións do refuxio municipal da Madroa.*
- *Eliminación de especies invasoras nos sistemas dunares*



Concello de Vigo

- *Desbroces puntuais en zonas concretas como cañaveral de Fontaiña, zonas de paseo dos areais, paseo do lagares.*
- *Reparación de instalacións sitas nos areais: casetas socorristas: Vao, Rodas ...*
- *Colocación de pasarelas de acceso aos areais do Vao, Fontaiña e Samil.*
- *Colocación e retirada de mastros de izado de bandeiras e torretas de socorrismo nos areais do municipio.*

h) Vigo Zoo.

- *Acondicionamento de toda a vexetación: recorte de hortensias, poda de arborado, escalda do terreo, eliminación de herbáceas, limpeza da superficie e retirada de restos cun perfilado con cortasetos na zona de entrada*
- *Actuacións de mellora na Nocturama co fin de reproducir un paisaxe de bosque atlántico:*
- *Actuacións de xardinería plantación e establecemento de novos exemplares arbustivos que melloren a estética destes maceteiros nas zonas dos diferentes recintos de felinos.*
- *Adaptación de espazos dos recintos dos Osos, zona Sabana e zona de Gamos e Mufllons para que se recree o hábitat natural no que viven este tipo de animais*

i) Servizo de Xuventude:

- *CASA DA XUVENTUDE:*
- *Albanelería e Pintura:*
- *Reparacións e pintado de paredes e teitos nos andares: soto (ludoteca) baixa, primeira e segunda.*
- *Electricidade:*
- *Revisión e reparación da instalación eléctrica.*
- *Substitución do sistema de alumado da sala de exposicións.*
- *Carpintería:*
- *Escaleira: reparación de varios tramos de escaleira en mal estado.*
- *VIGOSÓNICO:*
- *Pintura:*
- *Limpeza e pintado do exterior do edificio.*
- *Pintado interior dos espazos en mal estado.*
- *LUDOTECA PAVILLÓN DE COIA:*
- *Pintura: Pintado de sala*

7. Aprobar o gasto total de 1.000.722,80€, con cargo ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2020:

- a) 2410 1310000 "DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL":
- Orzamento 2020 **709.610,72€** + indemnización fin de contrato: **23.653,69€**
- b) 2410 16000001 "DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, S.S.": Orzamento 2020 **267.458,39€**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER

1.- ANTECEDENTES.

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán co-financiadas mediante o Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, dependente da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ten encomendado dentro do plan de implementación da estratexia DUSI “Vigo Vertical”, o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico “9.8.2. Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas” en concreto no marco da liña de actuación “Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral”.

Para desenvolver estes obxectivos, a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión.



Concello de Vigo

As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de "necesidade social", que responde de xeito oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

Na actual situación, as dificultades de inserción están xeneralizadas a toda a poboación en idade de traballar, e van dende titulados a persoas con experiencia previa en sectores como automoción, naval, construción, servizos, ou persoas en busca do seu primeiro emprego. Estas persoas desempregadas posúen un perfil, características e bagaxe profesional con proxección para a consecución de novos empregos, sempre e cando aumente a súa formación, capacitación e melloren as circunstancias económicas e laborais.

Por todo isto, o programa VIGO EMPREGA debe contribuír a xerar valor engadido ás persoas beneficiarias que participen no programa, axudando a corrir deficiencias, a aumentar potencialidades, competencias e desenvolver hábitos e actitudes no traballo, de xeito que, ademais dunha achega económica e de experiencia laboral, se dea un pulo á formación que especialice, perfeccione e complemente a experiencia práctica e o perfil profesional das persoas traballadoras.

O anterior conleva a necesidade de implementar medidas de apoio e discriminación positiva, centrada en grupos de idade a partires de 18 anos, que con carácter habitual proceden do mundo laboral, con cargas familiares que precisan apoio e un pulo para mellorar a súa cualificación profesional, tanto para perfeccionar e actualizar os seus coñecementos, como para ampliar as súas capacidades aprendendo novos oficios e reciclándose para introducirse en novos sectores de actividade.

O Programa VIGO EMPREGA facilitará a reincorporación ao mercado laboral a persoas que proveñen de sectores altamente castigados pola crise, persoas con habilidades sociais e profesionais suficientes para desenvolver un traballo profesional e con proxección, cara a súa incorporación laboral en novas empresas e sectores de actividade.

Isto obriga a potenciar ao máximo os recursos do Concello, para continuar na implementación de medidas que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

As vindeiras convocatorias do Programa VIGO EMPREGA, iníciense con importantes novidades en relación á estrutura socioeconómica e de regulación das relacións socio-laborais, por mor do recente acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30 de abril de 2020 (publicado no BOP de Pontevedra do 11 de maio), de aprobación da actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, resultando indispensable para a posta en marcha das contratacións do persoal beneficiario dos distintos programas de emprego consignados nos vixentes orzamentos municipais de 2020, para tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas desempregadas.

O anterior permite eliminar desequilibrios no seo do programa Vigo Emprega e gañar en competitividade, o que mellorará a situación socio-laboral das persoas beneficiarias contratadas ao abeiro deste programa dotado dunha substantividade propia, dunha estrutura redefinida e concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todos os traballadores beneficiarios.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Programa "Vigo Emprega", estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o "Acordo marco de

regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, definindo, deste xeito, dunha maneira clara e definitiva, os salarios en función das categorías profesionais de cada un dos postos de traballo ofertados e, en definitiva, todo o marco de relación entre estas persoas traballadoras e o Concello de Vigo, en todos os aspectos relacionados coas condicións socio-laborais dos beneficiarios: permisos, vacacións, salarios, normas disciplinarias e vixilancia da saúde.

2. OBXECTIVOS

O principal obxectivo do programa Vigo Emprega é o de facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión, no marco das políticas públicas de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

Nesta liña, o Programa abrangue unha oferta formativa teórica dentro do horario laboral, complementándoa co traballo en obra para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal, apostando pola especialización e mellora da profesionalidade dos participantes.

Esta estrutura posibilita dar resposta ás demandas de formación das persoas participantes, adaptándoa tamén, ás demandas do mercado de traballo e ás posibilidades orzamentarias dispoñibles, co obxectivo de acadar maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

En definitiva, o paso polo programa, debe contribuír dunha maneira eficaz a aumentar as posibilidades de inserción no mercado laboral, dos traballadores participantes. Promover o desenvolvemento das actitudes de eficacia, rendemento e responsabilidades necesarias na realización profesional de todo traballador, aspectos imprescindibles para aumentar as posibilidades futuras de acceso ao mercado laboral.

3. POSTOS DE TRABALLO

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, e persoal técnico administrativo, todos eles, beneficiarios/as.

O Programa "VIGO EMPREGA" necesita incorporar un número de capataces e de oficiais de oficios beneficiarios con experiencia profesional e con habilidades formativas, que axudarán a aumentar a capacitación profesional das persoas beneficiarias na categoría de peón.

O número de postos a seleccionar determinarase pola Xunta de Goberno Local no momento da aprobación da convocatoria de contratación, e previa fiscalización e consignación do gasto pola Intervención Xeral Municipal, de entre as profesións seguintes:

<i>Peóns construción</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico mantemento maquinaria</i>
<i>Peóns xardinería-forestal</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>



Concello de Vigo

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Técnico Auxiliar PRL</i>	<i>Oficial pintura</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial electricidade</i>	<i>Oficial albanelería</i>

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS DAS CONTRATACIÓNS.

4.1. Duración das contratacións.-

- Como **máximo 6 meses** que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas dun mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos aos informes previos da área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral.

4.2. Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de carácter social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito.

En todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir por parte da Área de RRHH e Formación en base á lexislación vixente.

En todos os contratos deberá figurar - no apartado referido ao obxecto do contrato - a denominación e duración do programa de emprego para o fomento da Inserción Laboral **“VIGO EMPREGA” no marco da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3. Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios) que se atope en vigor no momento da contratación.
- As táboas salariais poden ter un incremento salarial en base ás actualizacións que teñan lugar no mencionado acordo marco de referencia e coas actualizacións que sexan de aplicación respecto do Salario Mínimo Interprofesional.

5. REQUISITOS BÁSICOS

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderán ser contratados candidatos que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta (certificado do grado de discapacidade). As persoas candidatas con discapacidade que superen o proceso de selección e resultasen seleccionadas deberán achegar o informe de compatibilidade do EVO como condición previa á contratación (sen a presentación do dito informe non poderán ser contratados para a participación neste programa)
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalguna das oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
- Estar empadroad/a no Concello de Vigo, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non ter sido contratado/a por este Concello con data fin de contrato, cando menos 12 meses antes da solicitude de candidatos/as ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, Programa Municipal de Inserción Laboral para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero, ou cun contrato temporal ou de interinidade.
- Non ter sido sancionado e/ou aberto expediente disciplinario como persoa traballadora deste concello en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de xeito reiterado.
- Non poderán participar na mesma quenda do VIGO EMPREGA, dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar, ben sexa por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grado e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
- Deberán achegar a documentación completa e en regra, requirida polo Programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección, non accedendo a persoa candidata á fase de baremación.

6. REQUISITOS PROFESIONAIS, FUNCÍONS E OBRIGAS

a) *Persoal Técnico e Administrativo.*

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, consideraranse en busca do 1º emprego.
- Desenvolverán funcións de apoio á administrativa do programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo, incluíndo tarefas que impliquen atención ao público.



Concello de Vigo

- As persoas candidatas nesta categoría deberán achegar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.
- O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

TÉCNICO AUXILIAR PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, consideraranse en busca do 1º emprego.
- Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa Prevención, a seguridade e a saúde na execución das obras, coordinación e definición de elementos de protección colectiva e individual nas diferentes obras, elaboración de informes sobre PRL, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico. Comprobará a utilización de EPIS e roupas de Traballo, asesoramento na implantación axeitada das medidas de protección colectiva e individual en obra, elaboración de informes mensuais de seguimento, control de roupas de traballo e establecemento de sistemas de seguimento coordinación e control das medidas a adoptar no programa no relativo a prevención de riscos laborais, a seguridade e saúde laboral.
- As persoas candidatas nesta categoría deberán achegar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións ao persoal de obra en relación á prevención de riscos laborais.
- Nomearase como coordinador de Seguridade das obras que pola súa complexidade ou pola concorrencia de subcontrata na realización de tarefas da obra, requira esta figura establecida na normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.
- O posto de técnico de PRL, ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

b) Persoal de obras e servizos

CAPATAZ

- Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.
- Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ao seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.
- Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.
- Realizar as actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que poidan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.
- Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra, nos traballos propios da súa especialidade.
- Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.

- Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.
 - Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.
 - Serán nomeados recurso preventivo, para as obras que polas súas especiais características, requiran desa figura en cumprimento da normativa vixente. Será, en todo caso, obrigatorio para os capataces contratados, a aceptación deste extremo, como obriga ineludible (a non aceptación deste requisito conlevará a rescisión da relación laboral). Este extremo ten como finalidade dar cumprimento ao establecido no artigo 30 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, a súa reforma na Lei 54/2003 de 12 de decembro, de reforma do marco normativo de Prevención de Riscos Laborais e no artigo 22 do Real Decreto 39/1997 do 17 de maio, onde se aproba o regulamento dos servizos de prevención, crease a figura do “recurso preventivo”, definido polo miúdo, no criterio técnico da dirección xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nº 83/2010 sobre a presenza de recursos preventivos nas empresas e nos centros de traballo no seu punto primeiro: “supostos nos que é obrigatoria a presenza dos recursos preventivos, no seu apartado B) establece como obrigatoria “cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais”.
- Os candidatos que non acrediten a formación básica en Prevención de Riscos laborais de 60 horas, recibirán esta, como formación inicial para poder desenvolver as funcións propias do recurso preventivo.
- O posto de capataz ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

OFICIAL

- Poden desempeñar funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.
- Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos capataces, encargada e xefe de obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.
- Experiencia mínima de 1 ano no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.
- O posto de Oficial de oficios ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

OFICIAL CONDUTOR

- Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camiións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres.
- Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas, actualizados e en vigor.



Concello de Vigo

- Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.
- O posto de Oficial de oficios ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

PEÓNS

- Para os postos de peón non é necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, de maneira que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.
- O posto de peón ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa "Vigo Emprega" deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral ou mellorar a súa cualificación en aspectos relacionados co posto de traballo para o cal foron contratados.

A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, da rescisión do contrato laboral.

Así mesmo, as persoas seleccionadas aceptan a súa inclusión na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. Publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa (que poderá ser publicado tamén na prensa local).
2. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás oficinas do SPEG, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de convocatoria.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para os postos ofertados e non se consiga acadar o número mínimo de candidatos necesarios para desenvolver o proceso de selección con garantías, o Concello poderá recorrer a recursos propios municipais ampliando a busca de candidatos entre os usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) do Concello de Vigo, e sempre e cando cumplan os requisitos establecidos nestas bases da convocatoria. De non resultar posible acadar o número de candidatos necesarios entre os usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL), solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Comprobación da documentación requirida e do cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumplan o perfil definido nestas bases serán rexeitadas e non accederán á fase de baremación.
4. Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.

5. Publicación das listaxes de candidatos baremados coa convocatoria para a realización da proba escrita e da proba práctica.
6. Realización de proba escrita e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.
7. Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias, se é o caso.
8. As persoas discapacitadas candidatas seleccionadas deberán aportar o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta. Se é o caso, poderase autorizar aos responsables do programa, coa finalidade de axilizar os trámites, a realizar a solicitude as oficinas do EVO, das certificacións necesarias das persoas seleccionadas en fase de contratación.
En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo aos que optan.
9. Formalización dos contratos laborais-temporais pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a delegado/a, coa asistencia da Área de RRHH e Formación.
10. Recoñecemento médico, que se realizará durante o período de proba das contratacións.

8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, determinará o momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as dacordo coas seguintes fases:

1. **Solicitude de persoas candidatas ás oficinas do SPEG**, segundo os criterios de valoración establecidos no punto 9 das presentes bases reguladoras da convocatoria.
2. **Nomeamento da Comisión de Selección** conforme se establece no punto 11 das presentes bases.
3. **Baremación** dos expedientes persoais/profesionais
4. **Publicación das listaxes de candidatos baremados xunto coa convocatoria** para a realización da proba escrita e da proba práctica.
5. **A Comisión de Selección realizará a proba escrita e probas prácticas** aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local:

1. Proba Escrita (máximo 2 puntos)

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas e, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

- Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
- Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións socio-laborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o



Concello de Vigo

interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.

2. Proba práctica (máximo 4 puntos):

- A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.
- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deséñanse conforme á profesión e ás tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.
- No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

7. Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

9. BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta, as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas ao posto de peón, concretamente:

9.1. Tentarase acadar unha distribución que permita cando menos a presenza de:

- **3%** persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
 - **22%** persoas menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.
 - **30%** mulleres
 - **25%** persoas entre 31 e 44 anos DLD
 - **20%** persoas maiores de 45 anos DLD
- DLD: *Desempregado de Longa duración que leve un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non supere, nesas doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

9.2. Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Xente moza menor de 30 anos	1
Persoas entre 31 e 44 anos DLD.	0,5
Maior de 45 anos DLD	0,5

- *Ás persoas candidatas se lles aplicarán as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e aplicaráselles se é o caso, un 0,20 puntos por cada requisito que cumbran dos segundos ou subseguintes colectivos.*

9.3. Valorarase: a experiencia laboral, formación e outros méritos directamente relacionados coa actividade a desenvolver do persoal técnico e administrativo, capataces e oficiais.

- Experiencia laboral, imprescindible 1 a 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)
- Formación (máximo 3 puntos) (*só se puntuará cada curso unha vez, aínda que se repetise en varias ocasións ou se realizase con diferentes entidades*)

Relacionada co posto (recibida ou impartida):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso igual ou superior a 200 horas	0,40

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais



Concello de Vigo

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

Relacionado directamente coa especialidade:

Tarxetas ou carnets profesionais	0,50
----------------------------------	------

10. LISTAXES DE SUBSTITUCIÓNS.

As persoas candidatas/os que non fosen contratadas e tivesen superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

No caso de quedar vacantes nalgunha das profesións e/ou colectivos, a comisión de selección, poderá propor a contratación de candidatos/as das listas de substitucións de características profesionais similares.

11. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- A xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo que actuará como Presidente/a; no caso de creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado cos postos a seleccionar.
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
- Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo, que actuarán como vogais.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do **TREBEP**.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitírase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas ao Concello exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

12. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo. 4 dunha duración temporal propia do Programa "Vigo Emprega" por convocatoria, dun máximo de 6 meses), ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais do disposto no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- **Fotocopia do certificado de discapacidade e/ou incapacidade**

Achegarase o correspondente certificado emitido polas entidades competentes, nos casos que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%. Solicitaráse ás persoas candidatas con carácter previo á contratación, o **informe de compatibilidade do EVO** onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, no momento da achega da documentación previa ao proceso de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

- **Máis información:** Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa "VIGO EMPREGA" (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no taboleiro de anuncios do Concello.

14(440).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E AUTORIZADOS POLA CONCELLEI-



Concello de Vigo

RA-DELEGADA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, NOS MESES DE FEBREIRO, MARZO, ABRIL E MAIO DE 2020. EXPTE. 2750/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 3/06/2020, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2020.

Expediente	2728-334. REALIZACIÓN DE DOUS CURSOS BÁSICOS DE LINGUA GALEGA (GALEGO, NIVEL 0; GALEGO, NIVEL 1) ENTRE OS MESES DE MARZO E ABRIL (NIVEL 0) E ABRIL-XUÑO (NIVEL 1) DIRIXIDOS A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 10 de febreiro de 2020
Informe Intervención	RC 10057
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	3.024,00 euros

Expediente	2730-334. REALIZACIÓN DE 2 PERCORRIDOS LITERARIOS
Resolución concelleira	data 20 de febreiro de 2020
Informe Intervención	RC 12868
Adxudicatario	Xurxo Martínez González
Importe	300,00 euros

Expediente	2732-334. REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN E VOZ, DE 15 HORAS DE DURACIÓN, DESTINADO A PÚBLICO ADULTO, PARA DESENVOLVER NO MES DE MARZO NA CASA DA XUVENTUDE
Resolución concelleira	data 3 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 12869
Adxudicatario	Esperanza Mara Filgueira Rama (emanArte)
Importe	540,00 euros

Expediente	2734-334. IMPARTIÇÃO DOS OBRADOIROS SOBRE RECURSOS INFORMÁTICOS PARA TRABALLARMOS EN GALEGO, NOS MESES DE MARZO-ABRIL E NOS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO DO ANO 2020, NO AUDITORIO MAR DE VIGO
Resolución concelleira	data 5 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 17199
Adxudicatario	Miguel Anxo Solla Portela
Importe	1.080,00 euros

Expediente	2735-334. REALIZACIÓN 2 PERCORRIDOS LITERARIOS -VICUS- POLA NOSA CIDADE BASEADOS NAS NOVELAS VICUS. UN LUGAR DO COMÚN E VICUS. UN LUGAR AQUELADO, NESTE ANO 2020
Resolución concelleira	data 28 de febreiro de 2020
Informe Intervención	RC 14984
Adxudicatario	Luís Alberto Muñoz Luaces
Importe	300,00 euros

Expediente	2736-334. IMPARTIÇÃO DO OBRADOIRO DE NARRACIÓN ORAL "BRINCANDO COAS LENDAS" PARA PERSOAS ADULTAS DENDE O CIOV, QUE SE REALIZARÁ NO MES DE ABRIL NA OFICINA MUNICIPAL DE DISTRITO DE TEIS
Resolución concelleira	data 3 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 15684
Adxudicatario	Raquel García Rodríguez (nome artístico: Raquel Queizás)
Importe	432,00 euros

Expediente	2737-334. REALIZACIÓN DE 8 ESPECTÁCULOS DIRIXIDOS Á POBOACIÓN ESCOLAR: CINEMA DE HISTORIAS DA MAN DE ALICE GUY, A NAI DO CINEMA, DIRIXIDA Á PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SOMOS IGUAIS, DIRIXIDA A INFANTIL, OS DÍAS 10 E 11 DE MARZO E 28 E 29 DE ABRIL NOS AUDITORIOS DA OFICINA MUNICIPAL DE DISTRITO DE TEIS E DO CONCELLO
Resolución concelleira	data 3 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 15685
Adxudicatario	Raquel García Rodríguez (nome artístico: Raquel Queizás)
Importe	3.520,00 euros



Concello de Vigo

Expediente	2741-334.REALIZACIÓN DO CORRELINGUA EN VIGO O 13 DE MAIO DE 2020
Resolución concelleira	data 9 de marzo de 2020
Informe Intervención	<i>ANULADO POLO DECRETO DO ESTADO DE ALARMA</i>
Adxudicatario	Asociación Correlingua
Importe	3.000,00 euros

Expediente	2742-334. IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO DE ESCRITA DE DRAMATURXIA EN LINGUA GALEGA, DE 20 HORAS DE DURACIÓN, DIRIXIDO A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 12 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 18788
Adxudicatario	Ernesto Suárez Is
Importe	720,00 euros

Expediente	2743-334. REALIZACIÓN DE 1 PERCORRIDO LITERARIO POLA NOSA CIDADE (O VIGO DE CARLOS MANSO)
Resolución concelleira	data 12 de marzo de 2020
Informe Intervención	<i>ANULADO POLO DECRETO DO ESTADO DE ALARMA</i>
Adxudicatario	Manuel Esteban Domínguez
Importe	150,00 euros

Expediente	2744-334. PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE EQUIPO DE MEGAFONÍA PARA O CORRELINGUA, PASEOS LITERARIOS, CONTADAS E OUTRAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUE SE DESENVOLVERÁN DURANTE ESTE ANO 2020 EN DIFERENTES ESPAZOS DA NOSA CIDADE
Resolución concelleira	data 16 de marzo de 2020
Informe Intervención	RC 19098
Adxudicatario	Jesús Ruperto Andrés Tejada
Importe	2.050,95 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(441).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O

FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES. EXPTE. 9456/320.

Visto o informe de fiscalización do 04/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 08/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 13/02/2020, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escrito (doc.200025407), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2019-2020, a realizar entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D^a M^a Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/03/2020.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/03/2020.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:



Concello de Vigo

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/19 - 30/09/20)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.377,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	12.877,00 €

INGRESOS	IMPORTE
Recursos propios	2.877,00 €
Subvención Concello	10.000,00 €
TOTAL	12.877,00 €

8. Contrato de traballo.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 20/05/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 07/04/2020, a través do documento co número de rexistro de entrada 200047615, a entidade beneficiaria achega declaración de conformidade coa non suspensión de prazos.

X. Con data 04/06/2020 emítase informe de fiscalización de conformidade da Intervención Xeral Municipal, concluíndo que:

A tramitación do expediente xa se ve afectada pola reanudación dos prazos administrativos establecida no artigo 9 do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 segundo a seguinte regulación:

“Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 05/06/2020, procedeu as modificacións relacionadas co artigo 9 do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, onde se ven afectados os expedientes en canto a paralización dos prazos administrativos, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:



Concello de Vigo

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9456/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 "*Convenio Fundación Igual Arte*", cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola "*Fundación Igual Arte*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/09/20, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.



Concello de Vigo

VIII. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 04/06/2020 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.



Concello de Vigo

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9456/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “*Fundación Igual Arte*”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Fundación Igual Arte” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2020, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte” nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2020, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Educación musical
2. Teatro
3. Plástica
4. Eventos artísticos (exposicións, concertos...)
5. Celebracións (festa Nadal, entroido, fin de curso)
6. Centro de día

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de outubro de 2019 a setembro de 2020, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:



Concello de Vigo

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2019- setembro 2020)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.377,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	12.877,00 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Fundación Igual Arte*" unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "*Convenio Fundación Igual Arte*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de outubro de 2019 a setembro de 2020, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Fundación Igual Arte*".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD



Concello de Vigo

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre outubro de 2019 ata setembro de 2020.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáti-

cos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o



Concello de Vigo

programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “Fundación Igual Arte” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/19 e o 30/09/20.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as

Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

16(442).- PROXECTO DE CONVENIO CON SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E DE ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2019 A SETEMBRO DE 2020. EXPTE. 9541/320.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 08/06/2020, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), conformado polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 26/03/2020, Don José Ramón Girón García (DNI: 3321****), en calidade de presidente da entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia" (CIF: G15545353), achegou escrito (doc.200045113), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2020, entre os meses de outubro de 2019 a setembro 2020, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.



Concello de Vigo

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Saúde Mental FEAFES Galicia", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/04/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/04/2020
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/04/2020
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/10/19 - 30/09/20)	
Aluguer local	7.370,34 €
Material Divulgativo	110,00 €
TOTAL	7.480,34 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2019 - 30/09/2020)	
Concello de Vigo	5.000,00 €

Aportación propia da entidade	2.480,34 €
TOTAL	7.480,34 €

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio* Saúde Mental FEAFES Galicia”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 23/04/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 06/04/2020, a través do documento co número de rexistro de entrada 200047312, a entidade beneficiaria achega declaración de conformidade coa non suspensión de prazos.

X. Con data 01/06/2020 emítase informe de fiscalización de conformidade da Intervención Xeral Municipal, concluíndo que:



Concello de Vigo

A tramitación do expediente xa se ve afectada pola reanudación dos prazos administrativos establecida no artigo 9 do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 segundo a seguinte regulación:

“Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los prazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudarán, o se reiniciarán, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 04/06/2020, procedeu as modificacións relacionadas co artigo 9 do Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, onde se ven afectados os expedientes en canto a paralización dos prazos administrativos, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2019 ata setembro de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Saúde Mental FEAFES Galicia”.

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.

- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF : G15545353), con domicilio social na Rúa Aragón, 147 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9541/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como



Concello de Vigo

exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade “*Saúde Mental FEAFES Galicia*” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos



Concello de Vigo

anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/09/20, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a



Concello de Vigo

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 01/06/2020 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800007 denominada “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

SEGUNDO - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade “*Saúde Mental FEAFES Galicia*” (CIF.- G15545353)”, cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS

GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2019 A SETEMBRO DE 2020, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Ramón Girón García, con DNI 3321*****, en calidade de presidente de *Saúde Mental FEAFES Galicia* (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Aragón, 147 Baixo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9541/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo, Saúde Mental FEAFES Galicia unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.



Concello de Vigo

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Saúde Mental FEAFES Galicia”, ten, en xeral, como finalidade, a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo.
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando dos poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, *Saúde Mental FEAFES Galicia* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2019 ata setembro de 2020, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2020), a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada “*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do seu local social entre outubro de 2019 ata setembro de 2020, situado na Rúa Aragón 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento

das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/19 - 30/09/20)	
Aluguer local	7.370,34 €
Material Divulgativo	110,00 €
TOTAL	7.480,34 €

VIII.- Que a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria



Concello de Vigo

económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Saúde Mental FEAFES Galicia* unha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800007, denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", do vixente orzamento municipal (2020), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2019 ata setembro de 2020, situado na Rúa Aragón, 147 Baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa de *Saúde Mental FEAFES Galicia*.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións con *Saúde Mental FEAFES Galicia*.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do



Concello de Vigo

presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende outubro de 2019 ata setembro de 2020.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase por *Saúde Mental FEAFES Galicia*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.
- b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.

2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadírase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que

abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención



Concello de Vigo

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES47 2080 03 4833 3040010551 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/10/19 e o 30/09/20.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Concello de Vigo

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020),

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

17(443).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CATRO SUBALTERNOS/AS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPT. 35139/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 04/03/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 05/12/2019, a xefa de conserxería, remite oficio, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, manifestando a urxente necesidade de catro subalternos/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 10/12/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro Subalternos por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 13/12/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

4.- En data 10/01/2020, incorpórase ao expediente nota de reparo da Intervención Xeral Municipal. Por Resolución da Concellaría de Organización municipal de 17/01/2020, aceptase o reparo, suspendendo a tramitación do procedemento administrativo e incoándose expediente de modificación de crédito para a suplementación da aplicación orzamentaria 9200.1400000 do estado de gastos dos Orzamentos Municipais.

5.- Por Resolución de 02/03/2020 da referida Concellaría, se alza a suspensión do procedemento, acordando remitir no prazo de 15 días, as actuacións ao órgano interventor logo da emisión de novo Informe Proposta.

6.- En data de sinatura electrónica, emítase novo informe de cuantificación económica de gasto que obra no expediente.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de***

la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da xefa de conserxería, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de catro subalternos/as para conserxería, supón un gasto de **59.491,96 €** total, dos que **14.770,08 €** é en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa e **44.721,88 €** de retribucións totais.

Segundo se indica no informe técnico: “... O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión ordinaria do día 23 de decembro do 2019, BOP de 27 de decembro seguinte, aprobou definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o

exercicio económico de 2020. Neste contéplase un crédito inicial na aplicación orzamentaria 92001400000 por importe de 767.629,27€. Dita cantidade correspóndese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que se iniciaron no segundo semestre do pasado ano 2019 e que finalizan nos primeiros meses de 2020 e, os nomeamentos interinos por programas de acordo co artigo 10, apartado 1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Dita aplicación dotouse cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do TREBEP, a realizar no ano 2020.

Por instrucións de servizo da Concelleira-delegada de datas 17/01/2020 e, 05/02/2020 iniciouse a modificación orzamentaria 1/2020, expediente 35335/220, por importe de 1.494.394,16€, importe total dos créditos da totalidade das prazas vacantes existentes no período comprendido entre o 01 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2020, sendo utilizados para suplementalas partidas 920.0.1400000 (outras modalidades persoal temporal non permanente) e, 920.0.1600001 (seguridade social persoal temporal non permanente) do Capítulo I de Gastos, por un total de 1.137.348.47€ e, 357.045,69€, respectivamente. A referida modificación orzamentaria 1/2020, foi ordenada por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 11 de febreiro actual e resolta por Resolución do Alcalde- residente de data 26 de febreiro de 2020, modificación de crédito 15/20 da Intervención Xeral. En informe técnico que figura anexado no expediente 35499/220, procedeuse ao axuste dos AFUTs respecto dos compromisos de gastos adquiridos durante o pasado ano e que repercuten no presente exercicio, resultando un total de 1.007.268,20€ en canto a retribucións e, 348.457,22€ respecto do custe de seguridade social, polo que unha vez efectuado o correspondente AC por importe de 1.025.668,92€, resulta un saldo real na partida de 548.319,13€ que posibilita acometer novos nomeamentos interinos dos previstos no artigo 10.1 do TREBEP. Indicar tamén que o crédito xa comprometido a data de hoxe na citada aplicación para o ano 2021 e 2022 é de 171.095,24€ e 24.214,46€, respectivamente.

En consecuencia, unha vez informado o expediente 34796/220 e o presente expediente 35139/220, ámbolos dous obxecto de reparo pola Intervención Xeral e, resoltos os mesmos en Resolucións de 26/02/20 e 02/03/2020, o saldo da partida 92001400000 é de 483.647,84€.

Deste xeito, tendo en conta que o gasto que xenera este expediente repercute unicamente no presente exercicio, están garantidas as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.”

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalternos/as de: D. IRA RICOY MALVIDO, con DNI ***4236**, D^a. ROI MARCOS FERNÁNDEZ, con DNI ***9036** e D. GUILLERMO J. CAMESELLE ABALDE,



Concello de Vigo

con DNI ***7784** D. JAVIER VAZQUEZ RODRIGUEZ con DNI ***3241**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **Conserxería** contidas no escrito do 05/12/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **59.491,96 €** total, dos que **14.770,08 €** é en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa e **44.721,88 €** de retribucións totais, reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099, no que respecta aos custes de Seguridade Social, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Subalternos/as** a: D. IRA RICOY MALVIDO, con DNI ***4236**, D^a. ROI MARCOS FERNÁNDEZ, con DNI ***9036** e D. GUILLERMO J. CAMESELLE ABALDE, con DNI ***7784** D. JAVIER VAZQUEZ RODRIGUEZ con DNI ***3241**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), sendo adscritos/as a Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo os/as aspirantes nomeados/as, á conserxería, á Intervención Xeral, a de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(444).- .NOMEAMENTO INTERINO DE UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA A UNIDADE DE ATENCIÓN CIDADÁ (INFORMACIÓN). EXPTE. 35535/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/03/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data de sinatura electrónica, a Secretaria de Goberno Local, solicita o nomeamento dun/dunha Auxiliar Admon. Xeral, dada a renuncia da persoa nomeada anteriormente, manifestando o urxente nomeamento para correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.



Concello de Vigo

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 03/03/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo, para proceder baixo a modalidade que resulte oportuna, ao nomeamento interino dun/dunha Auxiliar de Administración Xeral.

3.- Con data de sinatura electrónica, emítese polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

4.- No expediente 35492-220, consta dilixencia asinada polo interventor segundo a cal: “o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes y emitidos os informes preceptivos, e cando esté en disposición de que se dicte acordo polo órgano competente”, remítese o expediente a Area Xestora; o non ser o momento nin o prazo procesal regulamentario para o exercicio da función interventora.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la

conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.



Concello de Vigo

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de tres meses e medio, dentro dun período de doce meses.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso

regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Secretaria de Goberno Local, así coma na instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente (trámite 19) e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período de tres meses e medio (01/04/2020 a 15/07/2020), dun/dunha Auxiliar para Unidade de Atención Cidadá, supón un gasto de **7.056,23 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **2.272,83 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Segundo se fai constar, o referido nomeamento deberá de imputarse a aplicación orzamentaria 92001400000 do vindeiro orzamento do vindeiro ano 2020 (3,5 meses).

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares de Administración Xeral a, B. Sácncnez Calo con dni ***8910**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **Auxiliar de Admón. Xeral (cód. 138)**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de cinco meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da Unidade de Atención Cidadá, contidas no escrito de data de sinatura electrónica, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **9.329,07 €**, dos que a cantidade de 7.056,23 € é en concepto de retribucións totais, e **2.272,83 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de cinco meses, como **Auxiliar Admón. Xeral a B. Sánchez Calo con dni ***8910****, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faráse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os cinco meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita a Unidade de Información(cód. 232), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, á unidade de información, á intervención xeral, ao negociado de seguridade social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(445).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA A OFICINA DE ASISTENCIA REXISTRO-INFORMACIÓN. EXPTE. 35704/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Secretaria de Goberno Local, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral por un período de seis meses, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 06/05/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local, de nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.138 auxiliares de administración xeral), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino



Concello de Vigo

-ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Secretaria de Goberno Local así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de catro auxiliares de administración xeral para a Oficina de Asistencia ao Rexistro, supón un gasto de **48.385,64 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.337,52 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **63.723,16 €**

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

V. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares Admón. Xeral por acumulación de tarefas a J. Sebastián Rodríguez, con DNI ***8594**, B. Rodríguez Alonso, con DNI ***7929**, T. Pereira Hermida, con DNI ***4951**, e I. Fernández Vila, con DNI ***9540**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da **Oficina de Asistencia ao Rexistro**, contidas no escrito de data de sinatura electrónica, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **48.385,64 €**, xunto a cantidade de **15.337,52 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral a *J. Sebastián Rodríguez*, con DNI *****8594****, *B. Rodríguez Alonso*, con DNI *****7929****, *T. Pereira Hermida*, con DNI *****4951****, e *I. Fernández Vila*, con DNI *****9540****, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138 auxiliares de administración xeral), sendo adscritos/as á Oficina de Asistencia ao Rexistro, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, á Secretaria de Goberno Local, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(446).- ARQUIVO POR DESESTIMENTO DO INTERESADO EN SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE GASTOS DEFENSA XURÍDICA DO EMPREGADO CON Nº DE PERSOAL 78828. EXPTE. 35338/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data de data 04/12/2019 (nº doc. 190192515) o funcionario, Riesgo Boluda J., con DNI **4886** *, solicitara o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 1435/2019, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, ditándose Auto de sobreseimiento provisional e arquivo de actuacións.

II.- En escrito de data 20/01/2020, o funcionario referido, presenta escrito no que desiste temporalmente da solicitude de reintegro de gastos xudiciais presentada o 04/12/2019 (nº doc. 190192515), por ter coñecemento de que o Parlamento de Galicia, ten presentado recurso de reforma e subsidiario de apelación contra dito Auto.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito -xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnico de administración xeral, (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento do Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que:

“1. Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el ordenamiento jurídico, renunciar a sus derechos.

2. Si el escrito de iniciación se hubiera formulado por dos o más interesados, el desistimiento o la renuncia sólo afectará a aquellos que la hubiesen formulado.

3. Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.



Concello de Vigo

4. La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia.

5. Si la cuestión suscitada por la incoación del procedimiento entrañase interés general o fuera conveniente sustanciarla para su definición y esclarecimiento, la Administración podrá limitar los efectos del desistimiento o la renuncia al interesado y seguirá el procedimiento.”

O referido artigo 94 contempla de xeito conxunto o desistimiento e a renuncia como dous modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse de novo, a diferencia do desistimiento que opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

Os requisitos exixidos pola lei para o desistimiento son, a solicitude do interesado que inicia o procedemento o a través de representante, a práctica do desistimiento en calquera momento por calquera medio que permita súa constancia e a declaración do/s interesados dirixida ao órgano administrativo competente para resolver o procedemento.

O desistimiento é así un modo anormal de terminación do procedemento que consiste na declaración unilateral do interesado de abandonar a pretensión no procedemento xa iniciado. Os seus efectos se limitan ao procedemento e non á pretensión que se formula. Solicitado o desistimiento e finalizado o procedemento nada impide formular novamente a solicitude sempre que non prescribira o prazo para a formulación da pretensión.

Aplicado o anteriormente dito, ao caso que nos ocupa, temos que o empregado Riesgo Boluta presenta escrito debidamente asinado desistindo temporalmente da solicitude formulada o 04/12/2019 (nº doc. 190192515), quedando así constancia do seu desistimiento. En atención ao exposto, e sen entrar no fondo do asunto, procede acordar o arquivo de expediente por desistimiento da solicitude de reintegro de gastos xudiciais presentada o 04/12/2019 (nº doc. 190192515), polo solicitante ao ter coñecemento de que o Parlamento de Galicia, ten presentado recurso de reforma e subsidiario de apelación contra dito Auto.

III.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materia de competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar, en base aos fundamentos expostos, e sen entrar no fondo do asunto, o arquivo do expediente por desistimiento da solicitude de reintegro de gastos xudiciais, presentada o 04/12/2019 (nº doc. 190192515).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a aos efectos oportunos

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados

do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(447).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE ABOAMENTO DE XUROS DE MORA DE GASTOS DEFENSA XURÍDICA DO EMPREGADO CON Nº DE PERSOAL 77549. EXPTE. 35482/220.

Dáse conta do informe-proposta do 02/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data de data 27/07/2018 (nº doc. 180123483) o/ funcionario/a, con nº de persoal 77549 e DNI nº 3*08***2 *, solicitara o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións. Para a tramitación da solicitude formulada, incoouse o expte nº 32479-220.

II.- O importe solicitado ascendía a unha contía de 14.943,91 euros, segundo as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos (45,14 euros); Factura nº 36-1/15 en concepto de provisión de fondos (2.000 euros); Factura nº 121 do procurador (378,77 euros); e Factura 14/18 honorarios de avogados (12.520 euros descontado os 2.000 euros de provisión de fondos).

III.- No expediente nº 32479-220, solicitouse informe a Asesoría xurídica do Concello de Vigo. Emitido o mesmo, en relación coa contía da factura e dos gastos xudiciais de defensa (12.520 + 2.000 €), por ser esta notablemente superior a outras presentadas polos letrados de outros investigados no proceso se considerou necesaria unha xustificación e consideración deste extremo, en relación a aplicación do baremo colexial como referencia orientativa daría como resultado a cantidade de 4.416,50 € salvo erro ou omisión.

IV.- Mediante dilixencia de data da sinatura electrónica, se require ao solicitante que xustifique a contía da factura en relación coa aplicación do baremo colexial.

V.- Na data 15/10/2018, presenta escrito no que xustifica os honorarios na gravidade e multiplicidade dos delitos imputados, ao tempo de desenvolvemento do traballo (tres anos), a necesidade de análise de 30 tomos de sumario, 20.000 folios, os escritos e recursos presentados, dilixencias, atención ao cliente, entre outros.



Concello de Vigo

VI.- O expediente resolveuse finalmente, logo da tramitación que consta no mesmo, por acordo de Xunta de Goberno Local de data 14/03/2019, notificado o 21/03/2019, en virtude do cal se dispuso: *“Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 77549 e DNI nº 3*08***2 *; como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.*

*Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **4.840,41 €**”*

VII.- O día 16/04/2019, o empregado municipal NP 77549, interpón recurso de reposición contra o Acordo de Xunta de Goberno local, solicitando o abono total dos gastos de representación e defensa por importe de 14.943,91 euros.

VIII.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/10/2019, o recurso de reposición, foi estimado, acordando o abono da cantidade de 10.103,50 euros (diferencia entre os gastos xudiciais reclamados e a cantidade inicialmente satisfeita)- Expte 34011-220.

IX.- Por escrito de data 31/01/2020, o empregado municipal NP 77549, solicita o abono dos intereses de demora devengados dende a data da solicitude, o 27/07/2018.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito -xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnico de administración xeral, (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento do Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Sentado o anterior, procédese a expoñer a motivación xurídica da presente proposta de acordo.

A mora consiste no atraso, dilación ou tardanza no cumprimento dunha obriga, polo común, a de pagar unha cantidade económica, líquida e vencida. Non obstante, nun sentido máis concreto, identifícase co retardo culpable, que da lugar á correspondente indemnización, pero que non impide a posibilidade do cumprimento tardío da obriga.

O réxime xeral vixente en España, ven determinado polo artigo 1101 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código civil, que sinala que, nos que no cumprimento das súas obrigas incorren en mora, quedan suxeitos á indemnización dos danos e prexuízos

causados: así a mora é unha anomalía no debido cumprimento dunha obriga, que implica a indemnización polo debedor, indemnización que, cando a obriga e de pagar unha contía de diñeiro, a indemnización por mora, se concreta no pago dos intereses legais.

No ámbito administrativo, as Administracións Públicas, en canto suxeitos de dereitos e obrigas, cando asumen a posición de debedor dunha obriga, deben cumprila, e en cando non o fan, poden incorrer tamén en morosidade, como sucede coas persoas privadas, físicas e xurídicas. A morosidade ten o seu encaixe dentro da categoría xeral do funcionamento anormal das Administracións Públicas, que xera responsabilidade e o dereito á indemnización dos danos causados.

Con carácter xeral, o artigo 24 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, dispón: *“Si la Administración no pagara al acreedor de la Hacienda Pública estatal dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial o del reconocimiento de la obligación, habrá de abonarle el interés señalado en el artículo 17 apartado 2 de esta ley, sobre la cantidad debida, desde que el acreedor, una vez transcurrido dicho plazo, reclame por escrito el cumplimiento de la obligación.*

En materia tributaria, de contratación administrativa y de expropiación forzosa se aplicará lo dispuesto en su legislación específica.”

Imos polo tanto deixar ao marxe a lexislación específica en materia de contratación administrativa, expropiación forzosa, tributos e os intereses devengados en operacións comerciais, por non estar incluído o caso que nos ocupa, dentro de estos supostos.

Como é sabido os intereses so poden devengarse a partir da existencia dunha débeda recoñecida e da fixación dunha cantidade líquida que sexa exixible. A partir da existencia de esta débeda líquida e exixible, entra en xogo o mecanismo de reclamación de intereses de demora regulado na Lei Xeral orzamentaria anteriormente referida. O tema polo tanto ven relacionado coa existencia ou non dunha débeda líquida e exixible; en outras palabras, de non existir débeda líquida e exixible dende o momento que o solicitante reclama a contía dos gastos xudiciais, non caberían os intereses de demora.

III.- Enlazando co anterior, e aos efectos de determinar si as cantidades reclamadas en concepto de gastos xudiciais, constitúen unha cantidade líquida e exixible, convén lembrar parte dos fundamentos xurídicos obrantes nos expedientes nº 32479-220 e 34011-220, de reclamación de gastos xudiciais e recurso de reposición respectivamente, ambos referidos nos antecedentes de este Informe.

“O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.



Concello de Vigo

A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Na data 28 de xuño de 2017, a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, do que destacamos ... “Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación e xustificación (podendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivos).”

É de advertir que aínda concorrendo os requisitos esixidos pola doutrina do Tribunal Supremo, a eventual estimación da solicitude de indemnización dos gastos xudiciais, non presúpon sen máis, a obriga de abono das cantidades reclamadas polos interesados, xa que logo, é preciso ter en conta que a indemnización que pode acordarse en favor dos funcionarios solicitantes, non ten por que coincidir cos importes que se pague por eles aos seus letrados en virtude dos correspondentes contratos existentes entre eles; nin tampouco, o feito de que se acredite que os honorarios de letrado que se reclaman se pagaran, da dereito ao reem-

bolso da mesma cantidade, sendo en todo caso necesario seu exame e súa confrontación cos referidos criterios orientativos do Colexio de avogados.

Ademais as ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

De todo o anteriormente exposto cabe concluír que o que debe indemnizarse son os gastos que realmente foran necesarios para o proceso, con exclusión dos que non sexan obrigados, e sen que podan satisfacerse cantidades excesivas ou abusivas, podendo atender, a modo indicativo, tal como resulta do informe de asesoría xurídica, ao establecido nos criterios orientativos que teñen fixados os Colexios de Avogados.

Así as cousas, parece claro que a reclamación de gastos xudiciais, con carácter xeral e máis concretamente os tramitados no expediente nº 32479-220, tendo en conta as circunstancias e contía reclamada (que excedía con creces da estimada polo Colexio de Avogados), revestiu certa complexidade que exixiu un tempo para a súa sustanciación, e que a cantidade a satisfacer non consistía nunha débeda líquida e exixible, se non que ao contrario era susceptible de revisión, e sometida a control interno. Argumentos que non fan se non confirmar que a cantidade a aboar en concepto de *gastos xudiciais, non é unha cantidade líquida e exixible, se non que é susceptible de revisión e control.*

Non é obstáculo a esta afirmación a estimación do recurso presentado, cuxa fundamentación vino determinada, en evitar a desigualdade xerada pola disparidade de criterios entre dous centros xestores diferentes, Así se fixo constar no Informe Proposta para a Resolución do recurso *"... A resposta á consulta formulada por este Concello, así como os acordos da Xunta de Goberno Local existentes e referenciados no antecedente 8 do presente informe-proposta, xustifican a procedencia de estimación do recurso presentado, a fin de evitar a desigualdade susceptible de xenerarse pola disparidade de criterios entre dous centros xestores diferentes e independentes entre sí como son a Secretaría Xeral do Pleno -encargada da xestión dos gastos xudiciais dos membros da Corporación Local- e a Área de Recursos Humanos e Formación -centro xestor dos gastos xudiciais susceptibles de xenerarse ao persoal municipal no exercicio das súas funcións públicas-."* Dispoñendo tamén que: *"Para evitar que este tipo de situacións se xeren a futuro, e no horizonte de mellora na xestión administrativa desta clase de gastos, resulta imprescindible proceder á definición, establecemento e aprobación de criterios reguladores da defensa xurídica e da asistencia letrada tanto dos corporativos municipais como do persoal ao servizo do Concello de Vigo, homoxeneizando criterios e avaliando, para o caso do persoal, a plena efectividade do disposto no artigo 36 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 28/12/1998, que garante a asistencia xurídica e defensa letrada polo Concello de Vigo a todo o persoal nos supostos, termos e condicións do previsto no precepto indicado."*

Asemesmo, no citado expediente tramitado para a resolución do recurso, consta informe de Asesoría Xurídica, que parcialmente reproducimos: *"En relación co noso informe xeral na materia (do 28-6-2017), manténdonos na súa lóxica xeral (sen pretendemos substituír aos órganos xestores), só podemos engadir agora dúas reflexións: a primeira que aínda que se trate de dúas defensas nun mesmo asunto o importe non ten que ser idéntico posto que*



Concello de Vigo

pode haber factores diferenciais, e a segunda que sen negar a liberdade de pacto entre un particular e o/a seu/súa avogado/a, as consecuencias non poden trasladárselle automaticamente á administración e ao erario público que só pode e debe asumir unhas contías obxectivas e razoables como ocorre con todos os supostos de indemnizacións por razón de servizos.”

Do exposto anteriormente, cabe concluír que a tramitación do expediente nº 32479-220, tendo en conta as circunstancias e contía reclamada (14.943,91 euros), que excedía con creces da estimada polo Colexio de Avogados, revestiu certa complexidade e que a dita cantidade reclamada non consistía nunha débeda líquida e exixible susceptible de devengar intereses de demora, se non que, ao contrario era susceptible de revisión, estando sometida a control interno. En atención a todo o exposto, procede a desestimación da solicitude.

IV.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar, en base aos fundamentos expostos, a desestimación da solicitude.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a aos efectos oportunos

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(448).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA “ORQUESTRA VIGO 430”, PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2019-2020. EXPTE. 3341/330.

Visto o informe xurídico do 03/06/2020 e informe de fiscalización do 04/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2020, asinado pola xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 12 de maio do 2020, a “Asociación Orquestra Vigo 430” presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos da temporada 2019-2020; por este motivo, con data 12 de febreiro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 125.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **ORQUESTA VIGO 430**” foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Concerto número 1:

Data : 17 de novembro do 2019

Formación: Ensemble

Lugar : Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 2

Data: 20 de decembro do 2019

Formación: Orquestra Sinfónica

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 3

Data: 26 de xaneiro do 2020

Formación : Orquestra Barroca

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 4

Data : 16 de febreiro do 2020

Formación: Orquestra Sinfónica

Lugar : Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 5

Data prevista: pendente de fixar nova data a partires do 8 de xuño do 2020

Formación: Orquestra Barroca

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 6

Data prevista: pendente de fixar nova data a partires do 8 de xuño do 2020.

Formación: Ensemble

Lugar: Sala Rosalía de Castro – Deputación de Pontevedra, Sede Vigo

Concerto número 7

Data prevista: pendente de ficar nova data a partires do 8 de xuño do 2020



Concello de Vigo

Formación: Orquestra Sinfónica

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 134.390,32 € (cento trinta e catro mil trescentos noventa euros con trinta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 125.000 € (93,01 %)
- Cotas de asociados e usuarios :9.390,32 € (6,99 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 18 de maio do 2020.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Asociación Orquestra Vigo 430 para o financiamento do programa de concertos da temporada 2019-2020, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Orquestra Vigo 430” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista

nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da temporada 2019-2020 figurando na aplicación **3340.489.00.08** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 125.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquestra Vigo 430” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 125.000 € (cento vintecinco mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do programa de concertos da temporada 2019-2020 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “ORQUESTRA VIGO 430, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2019-2020*



Concello de Vigo

TERCEIRO.-"Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Goberno de Cultura a dar conformidade ás datas propostas pola entidade para reprogramar os concertos que foron adiados polo estado de alarma".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ORQUESTRA VIGO 430", PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2019-2020

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Francisco Javier Escobar Vidal, titular do DNI 36.087.498-S, na súa condición de presidente da "Orquestra Vigo 430" (CIF: G-27743475) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Fragoso núm. 31, 9º B, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a entidade " **ORQUESTA VIGO 430**" foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**ORQUESTA VIGO 430**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.08, como subvención nominativa, a favor da **ORQUESTRA VIGO 430**, a cantidade de 125.000 euros.*

*IV.- Que a **ORQUESTRA VIGO 430** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos da temporada 2019-2020, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 134.390,32 € (cento trinta e catro mil trescentos noventa euros con trinta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 125.000 € (93,01 %)
- Cotas de asociados e usuarios :9.390,32 € (6,99 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Concerto número 1:

Data : 17 de novembro do 2019

Formación: Ensemble

Lugar :Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 2

Data: 20 de decembro do 2019

Formación:Orquestra Sinfónica

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo



Concello de Vigo

Concerto número 3

Data: 26 de xaneiro do 2020

Formación : Orquestra Barroca

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 4

Data : 16 de febreiro do 2020

Formación: Orquestra Sinfónica

Lugar : Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 5

Data prevista: Pendente de fixar nova data a partires do 8 de xuño do 2020

Formación: Orquestra Barroca

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Concerto número 6

Data prevista: Pendente de fixar nova data a partires do 8 de xuño do 2020

Formación: Ensemble

Lugar: Sala Rosalía de Castro – Deputación de Pontevedra, Sede Vigo

Concerto número 7

Data prevista: Pendente de fixar nova data a partires do 8 de xuño do 2020.

Formación: Orquestra Sinfónica

Lugar: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ana María Novoa Dieguez, administradora da entidade.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8.- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (125.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o



Concello de Vigo

desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

3. O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xuño e que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións ou concertos que se teñan realizado ata esa data.
- b) Un segundo pagamento final que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas entre os meses de xullo ata o 9 de novembro do 2020. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2020.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do



Concello de Vigo

Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2020.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - Memoria de prensa.
 - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación

administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 e 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar



Concello de Vigo

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2020, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.



Concello de Vigo

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO

ORZAMENTO DE INGRESOS									
INGRESOS	361,06	1.279,55	858,75	2.640,96	1.750,00	750,00	1.750,00	125.000,00	134.390,32
740.2.0001 720: Cuotas de asociados e usuarios	361,06	1.279,55	858,75	2.640,96	1.750,00	750,00	1.750,00		9.390,32
740.0.004 Subvención Concello								125.000,00	125.000,00
ORZAMENTO DE GASTOS									
GASTOS DIRECTOS	-4.246,82	-25.013,87	-9.305,78	-19.809,64	-27.511,73	-10.516,96	-30.007,03	-7.778,49	-134.190,32
6. Gastos de persoal.	-3.129,44	-22.339,62	-7.547,49	-17.318,22	-25.112,55	-9.333,00	-27.507,85	-625,00	-112.913,17
a) Retribucións persoal	-1.881,00	-16.838,60	-6.252,40	-13.748,43	-15.413,75	-6.764,54	-18.796,33	-625,00	-80.320,04
640.0.0001 Soldos e S. Social Músicos		-7.543,26	-448,00	-6.736,88	-4.038,00	-917,23	-8.395,50		-35.137,75
623.0.0019 Colaboracións músicos orquestra	-900,00	-1.570,98	-260,43	-660,00	-660,00	-205,62	-1.882,10		-3.391,43
623.0.0021 Músicos orquestra-facturas	-471,00	-1.586,00	-1.719,17	-375,00	-1.112,14	-251,69	-2.303,73		-4.151,17
623.0.0010 Colaboracións músicos - directores e solistas		-2.400,42	-2.148,43	-4.072,06	-7.280,00	-3.630,00	-4.235,00		-23.748,93
640.0.0002 Soldos e Salarios Persoal Auxiliar Concertos	-230,00	-1.050,46	-394,59	-421,62	-500,00	-230,00	-450,00		-3.326,67
640.0.0003 Soldos e Salarios Aux. Producción e Admón		-2.007,48	-1.003,74	-1.202,87	-1.250,00	-1.250,00	-1.250,00	-625,00	-8.589,09
623.0.0008 Asistencia de produción	-280,00	-280,00	-280,00	-280,00	-280,00	-280,00	-280,00		-1.960,00
b) Gastos de viaxe e dietas	-1.248,44	-5.501,02	-1.295,09	-3.569,79	-9.698,80	-2.568,46	-8.711,52		-32.593,13
629.0.0001 Gastos de viaxe	-1.248,44	-3.421,02	-1.258,84	-2.748,53	-9.054,41	-2.422,63	-7.376,71		-27.525,60
629.0.0003 Dietas		-2.080,00	-36,25	-826,24	-644,39	-145,83	-1.334,81		-5.067,52
7. Outros gastos de explotación.	-1.117,38	-2.674,25	-1.758,29	-2.491,42	-2.399,18	-1.183,96	-2.499,18	-7.153,49	-21.277,15
621 Arrendamentos e cánones	-576,14	-1.361,03	-794,37	-1.065,94	-950,00	-410,00	-950,00	0,00	-6.107,48
621.0.0001 Arrendamento e gastos sala e gtos. produción	-515,64	-988,03	-810,37	-930,84	-300,00	-210,00	-350,00		-3.669,98
621.0.0004 Arrendamento instrumentos e materiais	-60,50	-363,00	-484,00	-130,00	-600,00	-200,00	-600,00		-2.487,50
623 Servizos de profesionais independentes	-432,21	-918,10	-485,49	-735,48	-772,25	-522,25	-872,25	-2.679,00	-7.387,03
623.0.0001 Cartelería								-1.300,00	-1.300,00
623.0.0005 Despacho de billetes	-51,06	-125,33	-93,75	-178,86	-150,00	-100,00	-150,00		-648,22
623.0.0007 Traslado de material e persoal	-108,90	-217,80	-89,49	-284,37	-300,00	-150,00	-450,00		-1.650,56
623.0.0009 Gestoría								-1.378,00	-1.378,00
623.0.0012 Gravación concertos	-272,25	-574,75	-272,25	-272,25	-272,25	-272,25	-272,25		-2.208,25
625 Primas de seguros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-190,03	-190,03
625.0.0001 Seguro de Responsabilidade Civil								-190,03	-190,03
626 Servizos bancarios e similares	-0,76	0,00	-0,76	-0,76	0,00	0,00	0,00	-70,00	-72,28
626.0.0001 Gastos bancarios	-0,76		-0,76	-0,76				-70,00	-72,28
627 Publicidade e propaganda	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-4.137,53	-4.137,53
627.0.0001 Gastos de Publicidade								-4.137,53	-4.137,53
629 Outros servizos	-108,27	-395,12	-507,67	-689,24	-676,93	-251,71	-676,93	-76,93	-3.382,80
629.0.0004 Catering concerto (músicos)	-81,73	-104,30	-153,70	-436,00	-600,00	-200,00	-600,00		-2.185,73
629.0.0009 Fotocopias e Impresións	-16,52	-290,82	-70,02	-57,14	-76,93	-51,71	-76,93	-76,93	-717,00
629.0.0010 Partituras			-263,95	-196,10					-480,05
GASTOS INDIRECTOS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-200,00	-200,00
629.0.0005 Materiais de oficina e informático consumibles no								-200,00	-200,00
RESULTADO PRESUPOSTADO									0,00

23(449).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO TEATRO ENSALLE SLL PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE NO PERIODO DE NOVEMBRO E DECEMBRO DO 2019 CON CARGO AO ORZAMENTO 2020. EXPTE. 3342/330.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2020, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a secretaria de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 15 de maio do 2020, a entidade “ Teatro Ensalle SLL” presenta escrito de solicitude de subvención para a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2019; por este motivo, o día 25 de maio do 2020 o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “ **TEATRO ENSALLE SLL**” é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cuali-



Concello de Vigo

ficado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa subvencionado celebrouse na Sala Ensalle segundo a seguinte programación:

- *Festival de Danza Contemporánea (XIV Catropezas)*, do 25 de outubro ao 17 de novembro do 2019
- “Licenciado Vidriera. Miguel de Cervantes” Cía. Karlik Teatro Danza, 19 e 20 de novembro do 2019
- “Sólo sucede lo que puede suceder Cía.” Cambaleo Teatro TEATRO, 13, 14 e 15 de decembro do 2019
- *Canchal VIII- Seiscordas'19*, días 13, 14 e 15 de decembro do 2019

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 24.769,52 € (vintecatroy seiscentos sesenta e nove con cincuenta e dous céntimos), dos que o Concello de Vigo aporta 5.000 €, o que supón o 20,19 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- SolicitudeO
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2019, rexerouse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar a programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro do 2019, figurando na aplicación **3340.470.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) á entidade "TEATRO ENSALLE SLL", CIF. B36920247, para o financiamento da programación da Sala Ensalle nos meses de novembro e decembro de 2019, organizada por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 "PROGRAMACIÓN TEATRAL TEATRO ENSALLE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO-** As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*



Concello de Vigo

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, administrador solidario da entidade.
- 2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 8.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2020



Concello de Vigo

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - Memoria de prensa.
 - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 e 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente

necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En



Concello de Vigo

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(450).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”. EXPTE. 4028/443.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/05/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos

servizos xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Preséntase o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

II.- A actuación desenvólvese na estrada da Venda, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil na Estrada da Venda marxe dereita.
- As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 630 metros na marxe dereita e 30 m na marxe esquerda.
- Dispoñerase canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñerase unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO MESES) 4 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 19 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 18 de decembro de 18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(451).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CAEIRO E FIGUEIRAS-CABRAL”. EXPTE. 4032/443.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/05/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos servizos xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I- Preséntase o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CAEIRO E FIGUEIRAS - CABRAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E TRES MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (173.554,44 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

II(451).- A actuación desenvólvese nas rúas Caeiro e Figueiras - Cabral, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil.
- As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 500 metros na marxe esquerda e 80 m na marxe dereita.
- Dispoñerase canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñerase unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas, recolocación de 3 bancos e sinalización horizontal necesaria.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES MESES) 3 meses.

III(451).- En relación a supervisión do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CAEIRO E FIGUEIRAS - CABRAL”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 19 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



Concello de Vigo

2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV(451).- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 19 de decembro de 2018 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I(451).- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II(451).- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III(451).- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV(451).- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V(451).- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS CAEIRO E FIGUEIRAS - CABRAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E TRES MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (173.554,44 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(452).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez